non deixes que auga che leve.

Boga barqueiro de presa,
non deixes que auga che leve.

Quero ver os meus amores,
antes de que a noite chegue.

Quero ver os meus amores,
antes de que a noite chegue.

Ai la lala, ai lala la,
ai la lala, ai lala la.

Cantigas Galegas

Alalá De Canedo

A subila e baixala
a costiña de Canedo,
a subila e baixala
perdín a cinta do pelo.

Anda ti, falso e refalso,
falso che volvo a dicir,
o día que me vendeches,
canto che deron por min?

A túa color se volva
da cinta do meu sombreiro,
que tan pronto me olvidaches
por ser o amor primeiro.

Cantigas Galegas

Alalá De Carballo - Treixadura

*Para cantar
e bailar
Bergantiños sona ten-e.*

*Para collei-tar
bo trigo,
Carballo como a ninguén.*

*ai la le lo, ai la la lala
ai la le lo, ai la la ala*

*Eu nacín en
Coristanco,
en Razo amores tomei.*

*Casei logo
en Ardaña,
i en Noicela enviudei.*

*ai la le lo, ai la la lala
ai la le lo, ai la la ala*

Cantigas Galegas

Alalá De San Xusto - A Roda

Carballeira de San Xusto
carballeira enramada,
naquela carballeiriña
perdín a miña navalla,
perdín a miña navalla,
Ai la lelo, ai la lala.

Cambio de ritmo

Carballeira de San Xusto
carballeira enramada,
naquela carballeiriña
perdín a miña navalla,
perdín a miña navalla,
Ai la lelo, ai la lala.

Carballeira de San Xusto
carballeira enramada,
naquela carballeiriña
perdín a miña navalla,
perdín a miña navalla,
Ai la lelo, ai la lala.

Cantigas Galegas

Alalá Do Mariñeiro - A Roda

Polo aire un recendo
recendo de maruxía
polo ventíño mareiro
soños de mar e de día.

Mariñeiro, mariñeiro
que vento queres levar
para o mar vento do norte
para terra vendaval...
para terra vendaval **(Bis)**

ai e le lo...ai lalala,
ai e le lo...ai lala

Ondiñas, ondiñas veñen
veñen e veñen e van
que traen o mariñeiro
e o levan polo mar...
e o levan polo mar **(Bis)**

ai e le lo, ai lalala,
ai e le lo...ai lala

Voga, voga mariñeiro
mariñeiriño da ría
tiras a rede ó mar
colles a sardiña viva...
colles a sardiña viva **(Bis)**

ai e le lo...ai lalala,
ai e le lo...ai lala
(Bis)

Cantigas Galegas

Aldeñas De Galicia - Campana De Pau

Non hai lume que vos queime, aldeñas de Galicia,
non hai lume que vos queime,
con tantas rapazas guapas, en tanto rapaz valente
con tantas rapazas guapas, en tanto rapaz valente.

Retrouso

**Indo do Piñeiro vin a unha nena
que viña do monte de traballar-e
ela a min gustoume e pedinlle un bico
pero ela non che mo quixo dar-e
ela a mi gustoume e pedinlle un bico
pero ela non che mo quixo dar-e**

Xente nova e leña verde, di meu pai que todo e fume,
xente nova e leña verde,
pero non sabe meu pai que esta leña un carro enche
pero non sabe meu pai que isto leña un carro enche.

Retrouso

Indo do Piñeiro vin a unha nena

Deberas mirar mellor, xa sei que me miras mal
deberas mirar mellor
os teus ollos non merecen, reflexas teu corazón
os teus ollos non merecen, reflexas teu corazón.

Retrouso

Indo do Piñeiro vin a unha nena

Como me saben mellor, albariños e ribeiros
como me saben mellor,
en unha taza de louza, picada de meu amor
en unha taza de louza, picada de meu amor.

Retrouso

**Indo do Piñeiro vin a unha nena
(Bis)**

Cantigas Galegas

Alecrín - Rosa López

Alecrín, alecrín dourado
que naceu no monte
sen ser se miado.

(Bis)

**Ai amor, amor,
¿quen che dixo a ti?
que a flor do toxo
era alecrín.**

**Ai amor, amor,
¿quen che dixo a ti?
que a flor do toxo
chamábase así.**

Alecrín, alecrín dourado
que naceu no monte
sen ser semiado.

(Bis)

**Ai amor, amor,
¿quen che dixo a ti?
que a flor do toxo
era alecrín.**

**Ai amor, amor,
¿quen che dixo a ti?
que a flor do toxo
chamábase así.**

Alecrín, alecrín dourado
que naceu no monte
sen ser semiado.

Cantigas Galegas

Cantigas Galegas

Amoriños - Juan Pardo

Amoriños collín na beiriña do mar
amoriños collín non vos poida olvidar
non vos poida olvidar ai si, si, ai, ai, ai,
amoriños collín na beiriña do mar.

Ai si queres que o carro cante
ai móllalle o eixe no río
que despois co eixo mollado
cantara como un asubío, **(Bis)**
ai lalelo, ai lalalalo.

Xa me dixo teu pai, que te chame a bailar
e no medio do baile
que che deixe quedar, **(Bis)**
ai si, si, ai, ai, ai,
xa me dixo teu pai, que te chame a bailar.

Maruxiña, do carreiro
si coceras faime un bolo
si mo fas faimo de trigo,
que de millo non cho como,
dáme un bico, Maruxiña
ei de che dar un pataco-o,
non quero bicos dos homes
que me cheiran a tabaco.

Para vir a xunta min, **(Bis)**
vai lavar la cara, **(Bis)**
vai lavar la cara galopín.

Carril ten un areal, que chega a Vilagarciá
onde van os berberechos, detrás das berberechiñas.

E no me, no medio da ría
o compas, compas dos cantares
o ventiño que viña de lonxe
axudaba o gaiteiro a soplar-e, **(Bis)**
ai lalelo, ai lalalo.

(Continúa na páx. seguinte)

Cantigas Galegas

Eu queríame casar-e, miña nai non teño roupa, **(Bis)**

Casa miña filla casa, que un a perna tapa a outra **(Bis)**

E pra que non digas que tal e que cual,
que vou o non vou, que tal que sei eu
eu ala non fun, ela acó non veu
nin eu llo pedín nin ela mo deu.

Si me deran a escoller-e, eu non sei que escollería. **(Bis)**
Mata-lo porco de noite, o mata-lo polo día.

Ai Pepiño a díos, **(Bis)**
ai Pepiño por díos Non de vaias
quedate con nos, **(Bis)**
non te vaias a fogar na praia, como nos pasou a nos.

Ai Sálvora, ai San Vicente, **(Bis)**
ai Sálvora, ai San Vicente
as mozas mais bonitas son as de Mourente
ai Sálvora, ai San Vicente
as mozas mais garridas son as de Mourente.

Polo río abaixo vai unha troita de pe
corre que te corre quen a puidera coller, **(Bis)**
polo río abaixo vai unha troita de pe

Xa me dixo teu pai, que te chame a bailar
e no medio do baile
que che deixe quedar, **(Bis)**
ai si, si, ai, ai, ai,
xa me dixo teu pai, que te chame a bailar.

Amoriños collín na beiriña do mar
amoriños collín
non vos poido olvidar.

Cantigas Galegas

Amoriños Collín - Os Breogans

Retrouso

**Amoriños collín
na beiriña do mar,
amoriños collín
non os poido olvidar;
non os poido olvidar (Bis)
Amoriños collín
na beiriña do mar**

Nena que vendes las peras
candas che mandaron dar
pois pra ti meu queridiño
non mas mandaron contar
non mas mandaron contar **(Bis)**
Nena que vendes as peras
candas che mandaron dar

Retrouso

Amoriños collín..

Fun e peteiche na porta
non me quixeches abrir
como eres tan boa moza
non sei que vai ser de min
non sei que vai ser de min **(Bis)**
Fun e peteiche na porta
non me quixeches abrir

Xa me dixo a tua nai
que tiñas moito para min
nada me quixeches dar
por moito que che pedin

Nena que vendes las peras
candas che mandaron dar
pois pra ti meu queridiño
non mas mandaron contar...

Cantigas Galegas

Amoriños Perdidos - Os Infortunados

Eu caseime de moi novo
con unha nena galega
fun feliz moi pouco tempo
non poido culpar a ela

Por andar cos compañeiros
fun perdendo seu querer
cando me quixen dar conta
nada tiña que facer-e

**E sempre soliña e sempre chorando
ela de outro home foise enamorando.
un día cheguei de una carallada
fun a xunto de ela
pero non estaba**

lalara lalaila, larala larala lala
(Bis 4)

Ela e feliz con outro
pero eu sigolle querendo
agora que estou sin ela
pouco a pouco vou morrendo

**E sempre soliña e sempre chorando
ela de outro home foise enamorando.
un dia cheguei de una carallada
fun a xunto de ela
pero non estaba**

Amoriños perdidossss

Cantigas Galegas

Andar Miudiño - A Roda

Éche un andar miudiño
miudiño, miudiño
miudiño, miudiño
o que eu traio.

Éche un andar miudiño
miudiño, miudiño
miudiño, miudiño
o que eu traio.

Que eu traio
unha borracheira-a
de viño,
que auga non bebo mira
mira Maruxiña, mira
mira como eu veño.

Que eu traio
unha borracheira a, a,
de viño,
que auga non bebo, mira
mira Maruxiña, mira
mira como eu veño.

Cantigas Galegas

Anduriña - Juan Pardo & Serra

En Galicia un dia eu escoitei
uhna vella historia, nun café
Era dunha nena que da aldea, se escapou.

Anduriña nova que vóou...

Choran ó pensar, ¿onde andara?
Mais ninguén a quere ir a buscar
Anduriña lle chamaron, os que alí deixou
torna pronto ó porto, por favor

Un velliño fala xunto ó lar, **(Bis)**
di-me moi baixiño e sin maldade **(Bis)**

Anduriña e nova... voltara, xa o verán

Nun día calqueira, pausara.
Seu misterio, xa non o será

O nome Anduriña, xa xamais, se llo dirán.
Pero mentras tanto, onde vái

Anduriña ¿onde vái?
Anduriña ¿onde vái?
Anduriña ¿onde vái?
Anduriña ¿onde vái?
Anduriña... ¿onde vái?...

Cantigas Galegas

Ano Xacobeo - Los Tamara

Vou camiño de Santiago, rezarlle a o Santo patrón,
vou camiñado cansiño, dende a vila de Padrón,
e o lonxe xa divisado, as campas da catedral,
meu corazón late forte, desexa pronto chegar,
meu corazón late forte, desexa pronto chegar.

Retrouso

Ano xacobeo, imos a Santiago,
ano xacobeo, pra espantar o díaño,
ano xacobeo, pra pasalo ben.

Eu fun hasta A Coruña paseino moi ven,
bailei con Maruxa, Carmela tamén.

Retrouso

Ano xacobeo imos a Santiago...

Eu fun hasta Lugo paseino moi ven,
bailei con Maruxa, Carmela tamén.

Repetir estrofa

Vou camiño de Santiago, rezarlle a o Santo patrón...

Retrouso

Ano xacobeo imos a Santiago...

Eu fun hasta Ourense paseino moi ven,
bailei con Maruxa, Carmela tamén.

Retrouso

Ano xacobeo imos a Santiago...

Eu fun hasta Pontevedra paseino moi ven,
bailei con Maruxa, Carmela tamén.

Retrouso

Ano xacobeo imos a Santiago...

Eu fun hasta Vigo paseino moi ven
volvín pra Santiago que e terra de ven.

Cantigas Galegas

Ansuiña - Treixadura

Ai la la, ai la la,
ai la la, lará lalá lalá lalá.

Teño unha galiña branca
que me veu de Redondela
(Bis)

Da miña comadre o galo **(Bis)**
non me veña dar con ela.

Ai la la, ai la la,
ai la la, lará lalá lalá lalá.
(Bis)

Veño de ver o meu liño
que me dá pola cintura
(Bis)

Non sei si é liño ou si é herba **(Bis)**
bagalla non ten ningunha.

Ai la la, ai la la,
ai la la, lará lalá lalá lalá.
(Bis)

Unha pera, dúas peras
non tiña máis a pereira
(Bis)

Unha será para o xastre **(Bis)**
outra para a costureira.

Ai la la, ai la la,
ai la la, lará lalá lalá lalá.
(Bis 3)

Cantigas Galegas

Apaga O Candil - Los Dos Españoles & Orq. Santiago

Pasei pola a túa porta
e mirei polo férrollo
a lara de a túa nai
meteume un pau por un ollo. **(Bis)**
Ailalelo, ailalalo.

Retrouso

**Apaga o candil Marica chus, chus
apaga o candil que ten moita lus
que ten moita lus, moita claridad
apaga o candil achégate a la.**

A túa nai e chiculate,
eu teu pai chicultureiro
a túa nai lambe as cazolas
e teu pai lambe os pucheiros. **(Bis)**
Ailalelo, ailalalo.

Retrouso

Apaga o candil Marica chus, chus....

Pica canteiriño pica
pica na pedra miúda
pica na muller allea
que outro picara na túa. **(Bis)**
Ailalelo, ailalalo.

Retrouso

Apaga o candil Marica chus, chus....

Quedaches de vir as nove
viñeches as nove e media
pensas que non e pecado
enganar a unha morena. **(Bis)**
Ailalelo, ailalalo.

Retrouso

Apaga o candil Marica chus, chus....

Cantigas Galegas

Aparta Loureiro Verde

Aparta loureiro verde
deixa clarea-la lúa
que estou no medio do mare
non vexo cousa ningunha.

Retrouso

**Vivir na Coruña que bonito é,
andar de varanda e durmir de pé;
E durmir de pé e durmir de pé;
vivir na Coruña que bonito é!**

Arrimeime a ti loureiro,
pensando que eras calado,
loureiro larapeteiro,
todo o tés larapetado.

Retrouso

Vivir na Coruña que bonito é, ...
Heime de casar cun vello,
heime de fartar de rir;
heille de poñe-la cama
onde non poida subir.

**Na ría de Vigo
non se pode entrar
con tantas peixeiras
que van cara ó mar;
Que van cara ó mar, (Bis)
á ría de Vigo,
non se pode entrar!**

Miña lancha mariñeira
que ben capea-lo vento;
así fai a boa moza
cando quere dous a un tempo.

Retrouso

Na ría de Vigo ...

Cantigas Galegas

Árdelle O Eixe - A Roda

Ai se queres que o carro cante
ai móllalle o eixe no río
e despois do eixe mollado
ai canta como un asubío
ai canta como un asubío
ai e le lo, ai le la lo.

Retrouso

**Árdelle o eixe árdelle o carro
árdelle o eixe ai que mollalo
ai que mollalo, ai que mollalo
árdelle o eixe árdelle o carro
árdelle o eixe, árdelle a buxa
molla o no río pra que non fuxa
pra que non fuxa, pra que non fuxa,
árdelle o eixe, árdelle a buxa.**

Ai para cuñas paus de toxo
ai para eixe do carballo
ai para contentar as nenas
ai a cabezaña do carro
ai a cabezaña do carro
ai e le lo, ai le la lo.

Retrouso

Árdelle o eixe árdelle o carro....

Ai o río cando vai cheo
ai leva carballos e follas
e tamén podía levar-e
ai as linguas murmuradoras
ai as linguas murmuradoras
ai e le lo, ai le la lo.

Retrouso

Árdelle o eixe árdelle o carro....

Cantigas Galegas

Arremángate María - Petapouco

Retrouso (Bis)

Éo veño do Urujuai

falando Inglés ninguén me entende.

Arremángate María, arremángate, (Bis)

A solteiras son moi pu..., (Bis)

son moi puras en amores.

Arremángate María, arremángate, (Bis)

As casadas tamén fo..., (Bis)

tamén foron como elas.

Arremángate María, arremángate, (Bis)

Retrouso (Bis)

Éo veño do Urujuai

Túa nai chamoume por..., (Bis)

chamoume portento de home.

Arremángate María, arremángate, (Bis)

E teu pai mandoume a mer..., (Bis)

a mercar un coche a feira.

arremángate María, arremángate. (Bis)

Retrouso (Bis)

Éo veño do Urujuai

Miña sogra boa e..., (Bis)

cando esta lonxe da casa.

Arremángate María, arremángate. (Bis)

Laraila la la, laraila la la, la la la.

Retrouso (Bis)

Éo veño do Urujuai

Cantigas Galegas

As Lanchas Do Xeito - Los Tamara

Nunha lanchiña de vela,
pasei o mar da farola,
nunha lanchiña de vela.

Non vin cousa mas bonita, ¡ai!
nin penso volver a vela.
Non vin cousa mas bonita, ¡ai!
y nin penso volver a vela.

Ai veñen as lanchas do xeito,
pescando sardiñas a eido,
e van pola beira do mar,
para Rianxo marchan a pescar.
(Bis)

Para voo viño o ribeiro,
para empanadas Betanzos.
(Bis)

Para berberechos Noia,
para sardiñas Rianxo.
(Bis)

Ai veñen as lanchas do xeito,
pescando sardiñas a eido,
e van pola beira do mar,
para Rianxo marchan a pescar.
(Bis)

Laila, laila laila, laila, laila laila,
laila, laila lala, laila, laila lala.

Cantigas Galegas

As Pachocas - Fuxan Os Ventos

¡Que ben cantan, que ben bailan
aquelas catro pachocas!.

(Bis

¡Que ben cantan, que ben bailan!
¡que ben menean as zocas!

(Bis

Aqueles que andan no baile,
ambos me parecen ben,

(Bis

Ela parece unha rosa,
e el parece un caravel.

(Bis

Eu pedinllo a unha nena,
no porteliño do prado.

(Bis

Respondeume a picárona,
que estaba o campo mollado.

(Bis

Aquel paxaro non canta,
seica non ten alegría,

(Bis

Non se fai cousa de noite,
que non se saiba de día.

(Bis

Vamos ruando, meniña,
e vamos ruando a oito,

(Bis

Xa que levámo-la sona,
levarémo-lo proveito.

(Bis

Séntate aquí miña prima,
ti nunha pedra e eu noutra,

(Bis

Axudarasme a cantar,
a miña fortuna é pouca.

(Bis

Cantigas Galegas

As Pernas De María - Beltaine

Que pernas tes María, María, María,
que pernas tes María, María que pernas tes.

Que brancas que gordas que bonitas son,
túas pernas María son de admiración.
(Bis)

María, María, si vas o río a lavar,
non refregues la roupa que a podes rachar,
que a podes rachar, que a podes rachar
María si vas o río a lavar.
(Bis)

Que pernas tes María, María, María,
que pernas tes María, María que pernas tes.
(Bis)

Que brancas que gordas que bonitas son,
túas pernas María son de admiración.
(Bis)

María, María, si vas o río a lavar,
non refregues la roupa que a podes rachar,
que a podes rachar, que a podes rachar,
María si vas o río a lavar.
(Bis)

Cantigas Galegas

As Voltas Do Viro - A Roda

As da la arriba cando van co gando
espetan a vara e bailan o tango,
e bailan o tango, e mai a muiñeira,
as da la arriba non ai quen as queira.

Retrouso

**E viro, e viro e volvo a virar,
que as voltas do viro son malas de dar
son malas de dar, son malas de dar
e viro, e viro e volvo a virar.**

As da la arriba correlas, correlas
cas de a ca abaixo xa se corren elas
xa se corren elas, xa se corren elas
as da la arriba correlas, correlas.

Retrouso

E viro, e viro e volvo a virar....

As da la abaixo ceibalas, ceibalas,
porque van o baile co as pernas lavadas
co as pernas lavadas, co as pernas lavadas,
as da la abaixo ceibalas, ceibalas,

Retrouso

E viro, e viro e volvo a virar....

As da la arriba prendelas, prendelas,
porque van o baile co as pernas moi negras,
co as pernas moi negras, co as pernas moi negras,
as da la arriba prendelas, prendelas.

Retrouso

E viro, e viro e volvo a virar....

(Bis 2)

Cantigas Galegas

Avec Moito Love - A Quenlla

Trompetas!

Se en contra de estar en contra,
en contra da contra estás,
en CAGLI te han axudar,
en CAGLI te axudarán.
Que as contras que están en contra
non están ben "asentás",
se en contra de estar en contra,
en contra da contra estás.

Que algo vai mal, CAGLI!;
que a cadela é can, CAGLI!;
que algo non vai ben, CAGLI!;
que fas ti co meu?!
Se se impón outra opinión,
a túa é sempre mellor.
En CAGLI terás consolo
no medio da gran dolor.
Calquera suposición
en "Cartas ao director".
Se se impón outra opinión,
a túa sempre é mellor.

Se tes falta de ignorancia
e orneas con elegancia
en CAGLI con abundancia,
en CAGLI abundante has ser.

Que hai clases de estupidez
e burros con elegancia
se tes falta de ignorancia
e orneas con moita gracia.

(Continúa na páx. seguinte)

Cantigas Galegas

Quen vos dixo tal?, CAGLI!,
madía vos levou!, CAGLI!
A cada un o seu, CAGLI!,
di o que roubou.

Se a liberdade defendes
dos libertinos a eito
en CAGLI libre te sintas
pero lonxe deste xeito.
Se tanto amades o alleo
sodes libres de marchar.

Se a liberdade defendes,
es ben libre, vaite xa.
Tanto che me ten, CAGLI!
Que burriño estás!, CAGLI!
Tanto che me ten, CAGLI!
Afiliate xa!

Pobriños os pobres pobres
que inxusta xustiza fan,
habémolos educar
en CAGLI con moito amor.

Non saben os pobres parias
que con Franco era mellor,
pobriños os pobres pobres
con Franco vivían mellor.

Vai soprar a luz, CAGLI!,
que te poden ver, CAGLI!
Vai soprar a luz, CAGLI!,
aghachate ben.
(Veña, veña, que se acaba!)
Ímonos!

Cantigas Galegas

Balada Dos Sete Mariñeiros - Fuxan Os Ventos

Mariñeiros á ventura,
dunha noite a treboada,
que quizais non ten retorno
a ningunha madrugada.

Mariñeiros que navegan
procurando a pesca incerta
o armador en terra firme,
dorme mentres espera.

A muller do mariñeiro
agarda mentres, espera
ó carón dun lar sen lume;
zoa o vento sobre as tellas.

O mariñeiro pelexa
no medio e medio do mare,
k.o. vento que peta firme,
e fai o barco avalar-e.

No medio e no medio da noite
o armador dorme agardando,
agarda, experta a muller,
e o mariñeiro loitando.

E choran sete mulleres
no medio e medio do día,
na noite do mar revolto
sete homes se perdían.

O armador xura de rabia,
no medio e medio do día,
na tempestade da noite
un barco a pique se ía.

(Continúa na páx. seguinte)

Cantigas Galegas

Pola maián desgonzados,
sete corpos sobre a praia,
sete mariñeiros mortos,
bébedos de auga salada.

Na tarde tocan campás
o repenicar da morte,
mentres tanto sae o mare
outro barco con sete homes.

Mariñeiros que navegan
procurando a pesca incerta
o armador en terra firme,
dorme na mentres espera.

Cantigas Galegas

Bando Do Alcalde - A Quenlla

"Con traducción simultánea, por orde do Sr. Alcalde lese este bando pa que se cumpla;
Segundo as ordenanzas desta alcaldía ilustre dependente do goberno central, tódolos galegos a partir de hoxe non poderán exercer coma tales en manifestacións que xa resultan ofensivas como:
lingua de pleve vulgar,
romerías golfas,
costumes pouco europeos,
modos irreverentes,
maneiras aldeanas, etc, etc, etc.
Compre arruina-la cultura en nome do progreso, e tamén:"

Prohíbese por orde da alcaldía:
Que medre por que si
as rosas do xardín municipal.
desde agora as pombas teñen que pedir
licencia pra voar.
Prohíbeselle a lúa,
que é unha tola, andar ceiba no ceo,
que a lúa é unha tola
que anda espida e dando mal exemplo.

Que están fóra da lei a primavera,
as flores e os carballos,
as estrelas, os peixes e os paxaros..
desde agora as pombas teñen que pedir
licencia pra voar.

(Continúa na páx. seguinte)

Cantigas Galegas

A garándulos, trabucos, ós poetas
prohíbese soñar .
Prohíbese tamén derramar bágoas, e pódese chorar.
E pódese chorar
cando hai sequía
pra que enchan os pantanos
desde agora as pombas teñen que pedir licencia
pra voar.

E o sol se pode emocionar
os xoves e os domingos cando toca,
cando toca a banda do concello,
a banda do concello no Kiosko.**(Bis)**

Tras este bando, e cal e cale
fai que se cumpla
a orde do Alcalde.
Firma de rubricado
a orde do Alcalde.

Cantigas Galegas

Basilisa - Beltaine

Basilisa esta na cama, lara, lala
dunha tunda que levou-e
levántate Basilisa, lara, lala
que a tunda non te matou-e.

Basilisa, lisa, lisa
Basilisa, lisa, esta,
Basilisa, lisa, lisa
por adiante e por atrás.

Lindos ollos ten a cobra, lara lala
cando mira de repente
vale mais un desengano, lara lala
que andar enganado sempre.

Basilisa, lisa, lisa
Basilisa, lisa, esta
Basilisa, lisa, lisa
por adiante e por atrás.

Na banda da la do río, lara lala,
ten meu pai un castiñeiro
da castañas en agosto, lara lala
e uvas brancas en xaneiro.

Basilisa, lisa, lisa
Basilisa, lisa, esta
Basilisa, lisa, lisa
por adiante e por atrás.

Dis que non teño nada, lara lala
para manter a meu home,
na banda da la do río, lara lala
a carroto ó, cando come.

Basilisa, lisa, lisa
Basilisa, lisa, esta
Basilisa, lisa, lisa
por adiante e por atrás.

Cantigas Galegas

Boga, Boga - Pucho Boedo

Era un rapaciño novo, que por ver a terra allea
entrou en fea pélea, co mar da súa costa.
E foi perdendo de vista o seu pobo mariñeiro
mentres a noite teñía, sobre el un manto negro.

**Boga, boga mariñeiriño da farola
boga e canta mariñeiro que o sol levanta
Boga, boga deixa o medo que a ti te afoga
boga e canta que a gaivota inda levanta.**

Vai retornando a seu porto abalado polo vento,
e tendo no pensamento o seu amor que o agarda.

O cavo de tanto tempo, veu que algo alumeaba,
e sinte-u que algún falaba, no medio de aquel silencio.

**Boga, boga mariñeiriño da farola
boga e canta mariñeiro que o sol levanta.
Boga, boga deixa o medo que a ti te afoga
boga e canta que a gaivota inda levanta.**

Xa esta vendo as casiñas
do seu portiño querido.
Xa esta chegando a modiño a os areais da praia.
Ende xamais volvera a loitar coa marea,
pois a os homes mariñeiros
esta feita aquela guerra.

**Boga, boga mariñeiriño da farola
boga e canta mariñeiro que o sol levanta.
Boga, boga deixa o medo que a ti te afoga
boga e canta que a gaivota inda levanta.
(Bis)**

Cantigas Galegas

Brazos Pra Seitura - Fuxan Os Ventos

O vento da emigración arrasou a nosa terra,
os vellos laian, os nenos, berran.

Fai anos cincuenta, hoxe nin vinte hai.

Chega o mes da sega ¿quen seiturará?
(Bis)

Quince na Suíza, doce alén do mar.

Tres no sur da Francia ¿quen seiturará?
(Bis)

Dos vinte que quedan, dez a traballar.

Sete que son nenos ¿quen seiturará?
(Bis)

Tres vellos que agardan, a morte chegar.

O corpo engurrado ¿quen seiturará?
(Bis)

Homes e mulleres, hai que sementar.

A nosa verdade, por ela loitar.
(Bis)

Pechémo-las portas, que non fuxan máis.

Pois se van todos ¿quen seiturará?
(Bis)

Fai anos cincuenta, hoxe nin vinte hai.

Chega o mes da sega ¿quen seiturará?
(Bis)

Cantigas Galegas

Camariñas Da Ialma - Ana Kiro

Casiñas Brancas,
que se espallan nas agoas do mar
fermosa ría,
da que un día marchei navegar
a si e a vida,
na que sempre me poño a pensar.

Camariñas da ialma
con esta habanera quero che cantar.

Quixera ser, como aquel anduriña
que me veu nacer,
e voar onde a ti.

Para volver, para volver
por a Virxe do monte meu ben.

Pa falarche baixiño
amor de este amor
que por ti soñei.

Casiñas Brancas,
que se espallan nas agoas do mar
fermosa ría,
da que un día marchei navegar
a si e a vida,
na que sempre me poño a pensar.

Camariñas da ialma
con esta habanera quero che cantar.
(Bis)

Cantigas Galegas

Camiño De Compostela - A Roda

Esta e a vella historia
dun mociño de Febreiro
que marchou a Compostela
por un pequeno sendeiro.

Con xeito e alegría
camiñaba o peregrino
e o chejares a Santiago
cumpliría o seu destino.

A prejarlle unha milajre,
i va o mozo coitadiño,
y unha troita do seu pai
sandaría o Santiajiño.

E chejandose xa Arzuá,
cae o pobre derrocado,
e falou alí tendido
do camiño de Santiajo.

E un camiño ven fermoso
e de peregrinos cheo,
que van todos a Santiago
a gañar o xubíleo,
polos pobos e as aldeas
pasan eles camiñando
algúns veñen caladiños,
e outros veñen festexando.

**E o ano Xacobeo
unha data pra Galicia
ven te xa a Compostela
que esta chea delicia.
(Bis)**

(Continúa na páx. seguinte)

Cantigas Galegas

Chegan xa os peregrinos
descalciños e cansados
a mirar a o Apostol Santo,
veñen todos animados.

Chega xa o ano santo
a Galicia e xenerosa
veñen moitos peregrinos
a esta terra tan fermosa.

**E o ano Xacobeo
unha data pra Galicia
ven te xa a Compostela
que esta chea delicia.
(Bis 3)**

¿Esta e a vella historia?

Cantigas Galegas

Cantar De Cego - Fuxan Os Ventos

Perdín a vista querida,
apagouse a miña vela; pa
para min sempre é de noite
¡Va, que amei a Madalena!.

Perdín a vista querida,
prenda que mais valía; non
me queda que perder-e, a
hasta que perda a vida.

Vou ganando o meu panciño
facendo mofa de min(he);
as miñas bágoas por viño
miña dor por violín-e.

Veñan señores e escoiten
farei que esquezas as bágoas, que
sei os cantos mellores, as
que historia mais éstrana

Como sen saber qué como, e
hasta non son reparado
que a, miña fame non compre
distingui-lo voo do malo.

Morrerei calquera noite
que á miña noite mais clara;
cerca do cumio dun monte,
os corvos faranme a cama.

Perdín a vista querida,
apagouse a miña vela; pa
para min sempre é de noite
¡Va, que amei a Madalena!.

Cantigas Galegas

Cantar De Cego II - Fuxan Os Ventos

A xeito de cego veño, a dici-lo que xa dixo,
o tío Marcos da Portela, polo primeiros de siglo.

As miserias que pasamos
os dolores que sufrimos
a emigración que nos mata
e que nos ten consumidos

Esta falta de xustiza,
que nos ten aterecidos
andando co pico aberto
á esculca do grao de millo.

Os aldraxes que nos fan(he)
na cidade e no municipio.
O pajar coma empresarios,
para que outros se fagan ricos.

O leite que nos mal pagan
e venden a { trinta e cinco }
e por riba a democracia
que hasta agora é un conto chino.

As contribucios que botan,
ó noso lombo os políticos
as xugadas dos alcaldes
que son xogadas de pillo.

Se pedimos que Galicia
volva a telo seu espírito,
mángannos a autonomía,
que os caciques son moi listos.

Debemos toma-lo a broma
rarnos todos e mais rarnos
veña un trago compañeiros
se non hai pan veña viño.

Cantigas Galegas

Cantiga A Camariñas (Casiñas Blancas) Los Tres Soles Del Paraguay

Casiñas brancas,
que se espallan nas augas do mar,
fermosa ría,
da que un día marchei navegar.
Así é a vila, na que sempre me poño a pensar

Camariñas da ialma,
con esta habanera quéroche cantar.

Quixera ser, como aquela anduriña
que me veu nacer, e voar onda ti
pra volver, pola Virxe do Monte meu ben,
a falarche baixiño,
amor deste amor, que por ti soñei.

O pasar por Camariñas,
por Camariñas pasei cantando
(Bis)

As nenas de Camariñas
quedan no rio quedan lavando
(Bis)

Camariñas, Camariñas que xa me vas camariñando **(Bis)**

Por unha de Camariñas vivo no mundo, vivo penando
(Bis)

**Miña Virxiña do monte que os mariñeiros sempre vixias
(Bis)**

**Non permitades que morra lonxe da terra da terra miña
(Bis)**

Cantiga Da Lubina

Cantigas Galegas

Somos todos xente nova
esta panda de vigueses
que festexan lubinadas
alá cada par de meses

A xuntanza e amizade
celebramos sen pudor
e rendímoslle homenaxe
con cocido e con lacón (con lacón)

Lubinos de sempre cantade con nós
levantade as copas cheas de licor
alargando o brazo brindade con ganas
por sempre faremos estás lubinadas!!

Que boíñas nosas mozas
elas quédanse na casa
mentres nós o agradecemos
comendo lubina á espalda

A lubina é a patrona
desta vella tradición
e eiqui estamos todos xuntos
cantadólle esta canción (a canción)

Lubinos de sempre cantade con nós
levantade as copas cheas de licor
alargando o brazo brindade con ganas
por sempre faremos estas lubinadas!!

Es la misma que "Falemos Galego"

Cantiga Da Vendima - Treixadura

Cantigas Galegas

Vendimai vendimadores
da vendima do meu pai'e
o viño vai na cabaza
e o pan na cestiña vai'e.

**Ai la, ailalalá lalá la,
Ai la, ailalalá lalá,
Ai la, ailalalá lalá,
Ai lalalá, ai lalá la la.**

Anduvécheste alabando
que me morría por tí,
que me morro non é certo
pero que te quero sí.

Ai la, ailalalá lalá la...

Cortade uvas rapaciños
pra acabar pronto a tarefa
que despois temos ruada
e queremos ir a ela.

Ai la, ailalalá lalá la...

Cantiga De Amigo - Fuxan Os Ventos

Cantigas Galegas

Fun eu madre, en romaría
a Faro, con meu amigo,
e veño de namorada
por canto falou comigo.

E veño de namorada
por canto falou comigo,
fun eu madre, en romaría
a Faro, con meu amigo.

Ca min xurou que morría
por min, tal vez mi quería.

Leda veño da ermida
e desta vez leda serei
ca falei con meu amigo
o que sempre desexei.

Ca falei con meu amigo
o que sempre desexei,
leda veño da ermida
e desta vez leda serei.

Ca mi xurou que morría
por mi, tal vez me quería.

Deume un bico meu amigo
vin eu adeus mil perdoes
ca nunca lle coído mentir
por canto me el dise entón.

Ca nunca lle coído mentir
por canto me el dise entón,
deume un bico meu amigo
vin eu adeus mil perdoes.

Ca min xurou que morría
por mi, tamén me quería.

Cantiga De As Encrobas - Fuxan Os Ventos

Cantigas Galegas

Primeiro Portomarín, e logo Castrelo do Miño.
¡Dispóis tocoulle As Encrobas sufrir parello destiño!.
ai la le lo, ai la la la,

Raposos capitalistas que non deixan un torrón-e.
Sementan todo de lixo, porcallada e polución.
ai la le lo, ai la la la,

Nas nosas terras labregas, fértiles e feiticeiras.
Queren erguer celulosas que cheiran como esterqueiras.
ai la le lo, ai la la la,

Queren encher a Galicia de industrias contaminantes.
E que o noso pobo siga a producir emigrantes.
ai la le lo, ai la la la,

As terras son dos labregos dende tempo inmemorial-e.
Mais agora, sen razón, rúballas o capital-e.
ai la le lo, ai la la la,

Cando o pobo pide o seu e con voz valente e baril-e
mándanlle, pra contentalo, cabaleiros de servir-e.
ai la le lo, ai la la la,

Hai pouco foi nas Encrobas, ás portas de Xove están-e
Si a algún lugar non chegaron axiña apareceran-e.
ai la le lo, ai la la la,
ai la le lo, ai la la la.

Cantiga De Berce - Fuxan Os Ventos

Cantigas Galegas

Durme meu neno, durme, sen máis pranto,
que o tempo de chorar-e, vai pasando.

Que a terra na que vives, non quer bágoas,
precisa homes enteiros, pra libertala.
Durme meu neno, durme, colle forzas,
que a vida que che agarda, pide loita.

Recollera-lo froito sementado,
no inverno escuro e frío, no que estamos.

Recitado

**Semente feita en sangue por un pobo
que xurde dende a historia, dende o sono,
un sono cheo de aldraxe e miserento,
un sono de inxustizas e silencio.**

**Mira a lingua que falo, desprezada,
por ser lingua de probes, lingua escrava,
son o orgullo que temos, lingua de probes.
Son eles hai verdade e máis honores.**

**Durme meu neno, durme, neste colo,
que esta terra de escravos non ten odio.
Ten séculos de esperanza, agardada,
que pon hoxe nos fillos que amamanta.**

Durme meu neno, durme, sen máis pranto,
que o tempo de chorar-e, vai pasando.

Que a terra na que vives, non que bágoas,
precisa homes enteiros, pra libertala.

Cantiga De Betanzos - A Roda

Cantigas Galegas

O primeiro no amor sonche os bicos,
o segundo pelliscos pequenos,
o terceiro ben achegadiños.
é o remate sonche os nenos,
o terceiro ben achegadiños
é o remate sonche os nenos.

**Arroz con chícharos,
patacas novas,
repolos de Betanzos,
e mais cebolas, (Bis)
e mais cebolas,
arroz con chícharos
patacas novas.**

Si o teu mozo che pide aquel conto,
e por el che fai un xuramento,
non llo deas nena non llo deas,
que o xurar lévacho o vento,
non llo deas nena non llo deas,
que o xurar lévacho o vento.

**Arroz con chícharos,
patacas novas,
repolos de Betanzos,
e mais cebolas, (Bis)
e mais cebolas,
arroz con chícharos
patacas novas.**

Cantiga De Camariñas - Petapouco

Cantigas Galegas

O pasar por Camariñas
por Camariñas cantando
(Bis)

As nenas de Camariñas
quedan no río, quedan lavando
(Bis)

Camariñas, Camariñas
ai que xa me vas, camariñando
(Bis)

Por unha de Camariñas
vivo no mundo, vivo penando
(Bis)

Miña virxiña do monte
que os mariñeiros, sempre vixías
(Bis)

Non permitades que morra
lonxe da terra, da terra miña
(Bis)

Cantiga De Laiño - A Roda

Cantigas Galegas

E las eran de Laiño,
e las de Laiño son e,
(Bis)

Collen o xunco na braña
e van vendelo a Padrón e,
(Bis)
ai elelo, ai elalo.

Como chove miudiño,
como miudiño chove,
(Bis)

Pola banda de Laiño,
pola banda de Lestrove,
(Bis)
ai elelo, ai elalo.

Pasei pola túa porta
pedín auga e non má deches.
(Bis)

Valga me deus queridiña
que soberbia te fixeches,
(Bis)
ai elelo, ai elalo.

Sempre estas voume que voume,
xa te puideches ter ido,
(Bis)

Si te foras hai un ano,
xa me tiñas esquecido,
(Bis)
ai elelo, ai elalo.

E las eran de Laiño.

Cantigas Galegas

Cantiga De Montefurado - A Roda

De jalcabaleiro@hotmail.es / a disfrutar y enviarme musica/canciones (123)

Cantigas Galegas

Retrouso

E pra que non digas, que tal e que cual,
que foi ou non foi, que tal que sei eu,
eu a lo non fun e la acó non veu,
nin eu llo pedín nin e la mo deu.

Maruxiña, dáme un bico, **(Bis)**
que heiche de dar un pataco.

Non quero bicos dos homes
que me cheiran o tabaco,
(Bis)

Retrouso

E pra que non digas, que tal e que cual....

Maruxiña do forneiro, **(Bis)**
si coceras faime un bolo,

Si mo fas faimo de millo
que eu de trigo non cho como,
(Bis)

Retrouso

E pra que non digas, que tal e que cual....

Maruxiña ti e lo demo, **(Bis)**
sempre me andas atentando

Foi da couce dunha pulga
que e un mal desesperado.
(Bis)

(Continúa na páx. seguinte)

Retrouso

E pra que non digas, que tal e que cual....

Cantigas Galegas

Maruxiña cando chove. **(Bis)**
pon o neno no tellado.

O neno de Maruxiña
cando chove está mollado,
(Bis)

Retrouso

E pra que non digas, que tal e que cual...

Maruxiña sempre chora, **(Bis)**
arrimadiña a un palleiro.

Tiña a gaitiña na man-e
e faltaba lle o gaiteiro.
(Bis)

**E pra que non digas, que tal e que cual,
que foi ou non foi, que tal que sei eu,
eu a lo non fun e la acó non veu,
nin eu llo pedín nin e la mo deu.
(Bis)**

Cantiga De Pontevedra - A Roda

Cantigas Galegas

Pontevedra de corales, Lugo do cor do aceiro,
Pontevedra de corales, Ourense de limoeiro,
A Coruña de cristal-e. **(Bis)**
Ai la lelo, ai lala lo.

Retrouso

**Polo mar abaixo vai unha sarten,
vai fritindo peixes han de saber ben,
han de saber ben, han de saber ben,
polo mar abaixo vai unha sarten.**

Da de beber a quen pasa, Pontevedra e boa vila,
da de beber a quen pasa, a fonte na ferrería,
San Bartolomeu na praza. **(Bis)**
Ai la lelo, ai lala lo.

Retrouso

Polo mar abaixo vai unha sarten....

Ten unha pipa no monte, San Antonio da Caeira
ten unha pipa no monte, as mulleres beben viño
os homes auga da fonte, **(Bis)**
Ai la lelo, ai lala lo.

Retrouso

Polo mar abaixo vai unha sarten....

E mulleres con mulleres
o bailar homes con homes
e mulleres con mulleres e como a gaita sen fole
i o tambor-e sen cordeles, **(Bis)**
Ai la lelo, ai lala lo.

Retrouso, (Bis)

Polo mar abaixo vai unha sarten....

Cantigas Galegas

Cantiga Do Corrubedo - A Roda

De jalcabaleiro@hotmail.es / a disfrutar y enviarme musica/canciones (127)

Cantigas Galegas

E non vin mais que unha cama,
entrei na casa do cura,
e non vin mais que unha cama,
érase de supoñer que durmía co a criada,
que durmía co a criada,
ai lalelo ai lalalo.

Retrouso

**A criada do cura do Currubedo,
ten un pelo naquela que mete medo,
que mete medo morena, manda carallo
acabouse cesteira ai que rascalo.**

Foron xuntos a bodega,
o cura mais la criada,
foron xuntos a bodega,
a criada resbalo-u, e o cura por riba dela,
e o cura por riba de la.
ai lalelo ai lalalo.

Retrouso

**A criada do cura do Currubedo,
ten un pelo naquela que mete medo,
que mete medo morena, manda carallo
acabouse cesteira ai que rascalo.**

Non sei que paxaro e, e,
o cura ten un paxaro,
non sei que paxaro e, e,
a la pola media noite,
ponse o paxaro de pe,
ponse o paxaro de pe,
ai lalelo ai lalalo.

(Continúa na páx. seguinte)

Retrouso

A criada do cura do Currubedo,

Cantigas Galegas

**ten un pelo naquela que mete medo,
que mete medo morena, manda carallo
acabouse cesteira ai que rascalo.**

Non e cura que un señor-e,
o cura de esta parroquia
non e cura que un señor-e,
que confesou a criada
debaixo do cobertor-e,
debaixo do cobertor-e,
ai lalelo ai lalalo.

Retrouso

**A criada do cura do Currubedo,
ten un pelo naquela que mete medo,
que mete medo morena, manda carallo
acabouse cesteira ai que rascalo.
Acabouse cesteira ai que rascalo.**

Cantiga Do Tolo - Campana De Pau

Cantigas Galegas

Retrouso

E leveina pra beira do río
e leveina pra e namorar.
e leveina pra darlle un biquiño
pero ela ceibouse e non mo quixo dar
e leveina pra darlle un biquiño
pero ela ceibouse e non mo quixo dar.

Xa non quero traballar (por langrán)
nin quero manter muller, ¡xa llo sei!
todos fan burla de min
chamáronme tolo por honor a tí.

Retrouso

E leveina pra beira do río

As de te acordar muller ¡ven cho sei!
cando che falte a calor, ¡si señor!
as voltar xunto de min
chamáronme tolo por honor a ti.

Retrouso

E leveina pra beira do río

Nunca mais volvo a beber ¡vamos ver!
porque a auga senta mal, ¡ai carai!
sempre viño bebín
chamáronme tolo por honor a ti

Retrouso

E leveina pra beira do río

Un defunto non o son (non señor)
e non me chames pasmón, ¡toleirón!
a paxara eu ven cha vin
aquele bicho negro botábase a min

Retrouso

E leveina pra beira do río
(Bis)

Cantiga Ó Traballo - A Roda

Cantigas Galegas

Eu na vida traballei
e na man non teño callos
que lle peguen catro tiros o que inventou o traballo.
Traila laraila, trailara lala laraila, traila laraila, trailara lala.

Retrouso

**Que cara tes e que nariz,
que boca pos cando te ris,
que cara tes e aí que mans,
e unhas ouellas como as dos cans.**

Algúns traballan de fío
outros traballan de lado
pero eu nunca traballei
porque xa nacín cansado.
Traila laraila, trailara lala laraila, traila laraila, trailara lala.

Retrouso

Que cara tes e que nariz....

O traballo non toquei
alegre e sempre contento
tranquilo con pouca presa
reclamo meu monumento.
Traila laraila, trailara lala laraila, traila laraila, trailara lala.

Retrouso

Que cara tes e que nariz....

O traballo e pra o burro
eu non quero traballar-e
a noite e pra dourmir-e
e o día pra descansar-e.
Traila laraila, trailara lala laraila, traila laraila, trailara lala.

Retrouso

Que cara tes e que nariz....

Cantiga Pra Unha Antroidada - Fuxan Os Ventos

Cantigas Galegas

Andan con peles de ovella
cantando falsas gabanzas
os lobos de anos pasados
baixan na noite calada.

Mala morte non me mate
veñen con Autonomía,
comercitada por caciques
maldita falla facía.

Retrouso

**Se non tedes sachos
traemos los nos
arados de ferro
e carros con bois
e carros con bois, (Bis)
se non tedes sachos
traémolos nos.**

E, algun-es deles andaban
trasquilando galeguistas
pra non perderen a manda
fixéronse autonomistas.

E, ás veces, falan galego,
e presumen de labradores
a perdición de Galicia
está en maus deses señores

Retrouso

Se non tedes sachos

(Continúa na páx. seguinte)

Mais todos nós ben sabemos

Cantigas Galegas

Aínda nos sobra memoria
corenta anos de silencio
non enterraron a historia.

Mozos da terra emigrante
da Galicia xenerosa
non deixemos que nos rouben
a Patria do pobo a nosa

Retrouso

**Se non tedes sachos
traemos los nos
arados de ferro
e carros con bois
e carros con bois, (Bis)
se non tedes sachos
traemos los nos.**

Cantigas Do Viño - A Roda

De jalcabaleiro@hotmail.es / a disfrutar y enviarme musica/canciones (133)

Cantigas Galegas

Bota viño do ribeiro,
taberneiro bota viño, bota viño do ribeiro
quen Galicia pra cantar-e, temos que beber primeiro,
temos que beber primeiro,
ai elelo, ai elalo.

O viño do ribeiro eu non sei que lle fan,
que canto mais del bebes mais ganas del che dan,
mais ganas del che dan, **(Bis)**
o viño do ribeiro eu non sei que lle fan.

Ribeira, ribeira sacra, ai ribeira do meu amor-e, **(Bis)**
o viño da ribeiríña conquistoume o corazón-e **(Bis)**

Na ribeira sacra o viño tamén
ten sona de abondo, ten un eu non sei que
ten un eu non sei que, **(Bis)**
na ribeira sacra o viño tamén.

O viño de Valdeorras e viño que fai cantar-e
se bebes moito de noite sábeche pola mañan-e
sábeche pola mañan-e.

O viño de Valdeorras delicias do corazón
se bebemos un grolíño cantaremos a seu son
cantaremos a seu son, **(Bis)**
o viño de Valdeorras delicias do corazón.

Bebín un viño albariño por ver si me consolaba **(Bis)**
i o viño, como era novo, i o viño
i o viño como era novo o ilo a beber choraba **(Bis)**

Beber albariño que bonito e
que nas rías baixas orgullo che e
orgullo che e, **(Bis)**
beber albariño que bonito e.
(Bis)

Cantigas Galegas

Cantinelas Da Fonsagrada - A Roda

De jalcabaleiro@hotmail.es / a disfrutar y enviarme musica/canciones (135)

Cantigas Galegas

Moreniña por morena, **(Bis)**
téñoche o ollo botado.

Has de ser miña muller-e
ou non hei de ser casado.
(Bis)

**Eu teño un canciño criado a boa fe,
que baila a muiñeira na punta do pe,
na punta do pe, da un pincho Pa tras,
e baila a muiñeira do chascarraschás.**

Miña sogra cando roña, **(Bis)**
ponse no medio da casa.

Ela di que voume, voume,
e de marchar nunca acaba.
(Bis)

**Eu teño un canciño criado a boa fe,
que baila a muiñeira na punta do pe,
na punta do pe, da un pincho Pa tras,
e baila a muiñeira do chascarraschás.**

Ten coidado Maruxiña, **(Bis)**
cando te vaias pra cama.

Non che vaia VI lo trasno
e che faga unha trasnada.
(Bis)

**Eu teño un canciño criado a boa fe,
que baila a muiñeira na punta do pe,
na punta do pe, da un pincho Pa tras,
e baila a muiñeira do chascarraschás.**

(Continúa na páx. seguinte)

Unha pera dúas peras, **(Bis)**

Cantigas Galegas

non daba mais a pereira.

Unha pera fixo o xastre,
a conta da costureira.

(Bis)

**Eu teño un canciño criado a boa fe,
que baila a muiñeira na punta do pe,
na punta do pe, da un pincho Pa tras,
e baila a muiñeira do chascarraschás.**

Nos de ei qui e vos da i, **(Bis)**
sodes tantos como vos.

Nos Comemos o carneiro,
os cornos son para vos.

(Bis)

**Eu teño un canciño criado a boa fe,
que baila a muiñeira na punta do pe,
na punta do pe, da un pincho Pa tras,
e baila a muiñeira do chascarraschás.**

Cantigas Galegas

O meu fillo piepe e tan agudo
toma as medidas por un garabullo.

Ai chingala, chingala,
ai chingala, chingala, cha.
(Bis)

Ten moita alegría
ten moita fachenda
o meu fillo piepe
vai coser a tenda.

Ai chingala, chingala,
ai chingala, chingala, cha.
(Bis)

O Señor abade fíxolle un calzón
no medio do cu pegoulle un botón.

Ai chingala, chingala,
ai chingala, chingala, cha.
(Bis)

O Señor Abade fíxolle a levita
no medio do coello
mangoulle unha cinta.

Ai chingala, chingala,
Ai chingala, chingala, cha.
(Bis)

Canto De Cego - Fuxan Os Ventos

De jalcabaleiro@hotmail.es / a disfrutar y enviarme musica/canciones (138)

Cantigas Galegas

Iste velliño que vedes cantando
de entrambos os ollos da cara cegou,
mais por agora vaise gobernando
con outro ollo que inda lle quedo-u.

Todas estas cousas contáronme a mín.
volvendo da feira de Portomarín;
con outras cousiñas que bous contar eu
si son ou non certas ei non volo sei.

Como son vello e falto da vista,
algunha moza me ven a falar
pra me dar conta si é grosa ou é fraca
teño por forza que ás mans apegar.

E teño observado
que as hai que se rin,
e outras, mais pouquiñas,
que foxen de min;
a maior parte de las
berran polas nais,
o chaman baixiño
e achéganse máis.

Ana Marica quedouse soliña
cando pra Cuba o seu home marchou-u.
E tal desgusto colleu a rapaza
que gravemente coitada enfermo-u.

E solo quería, que a fose a coidar
un primo que tiña, no mesmo lugar.
E logo dicía cando xa sano-u:
grazas ás frotiñas, que Manuel me dou.

Canto De Seitura - Fuxan Os Ventos

Cantigas Galegas

Segador que ben segas
na herba boa,
que pra segar na mala
o tempo che sobra.

Retrouso

**Aí veñen os segadores
en busca dos seus amores
despois de segar e segar,
na herba.**

Carolina no baile
dixo en voz alta:
se me gustan os mozos
é pola gaita.

Retrouso

Aí veñen os segadores...

Carolina en el baile
callo de culo,
se lle viu o fandango
todo peludo.

Retrouso

Aí veñen os segadores...

Algún día por verte
daba ceen voltas,
agora por no verte
dou catrocentas.

Retrouso

Aí veñen os segadores...

Carolina en el baile
rompeu as medias;
pobre de Carolina,
¡cómo as leva!

Retrouso

Aí veñen os segadores...

Canto Do Meu Compañeiro - Treixadura

De jalcabaleiro@hotmail.es / a disfrutar y enviarme musica/canciones (140)

Cantigas Galegas

Anque me vou non me vou-e
anque me vou non me ausento

(Bis)

Anque me vou de palabra **(Bis)**
non me vou de pensamento.

Retrouso

**Voume por aquí abaixo
voume por aquí arriba
fiando na miña roca
gobernando a miña vida.**

(Bis)

Cando marchou meu amor-e
dixome que non chorase

(Bis)

Que botase ao aires as penas **(Bis)**
pero que non o olvidase.

Retrouso

Voume por aquí abaixo...

(Bis)

Dende a Algalia de abaixo
ata a rúa de San Pedro

(Bis)

Cantos resoan na pedra **(Bis)**
cantos do meu compañeiro.

Retrouso

Voume por aquí abaixo...

(Bis)

Cara A Liberdade - Fuxan Os Ventos

Cantigas Galegas

Reclamamos, por galegos ós nados na lameira,
ós que andamos na lixeira, arrincan peixe do mar.

Os que non dan non xunque, teñen ó progreso escravo,
ós que tronzan co arado, a terra pra facer pan.

Somos nós, xente que leva, un facho na noite escura,
xente que vai á procura da súa historia virar.

Séculos de fame xorda, na noite pecha perdidos,
afogando a pena en viño sen lume pra nos quentar!

O lusco co sacho ó lombo, pra xantar pan e touciño,
co corpo morto, doído, sempre do carro a tirar.

Aldraxados, iñorantes, pobo sen lei, divididos,
do sangue roxo, vencido, os caciques a zugar!

Do fondo da nosa noite, da moura noite dos tempos,
zoan, o xe, novos ventos, os ventos da liberta!.

Homes de tempos perdidos, ti, labrego, ti, obreiro,
ti gandeiro, mariñeiro, poñéivos a camiñar!

Somos nós, e soio nós,
os donos do noso signo,
abrindo un novo camiño
na busca da liberta!
la la la lara, la la la lara, la la la lara,
lara la la, lala.

Carmiña Carmela - A Roda

Cantigas Galegas

O son da miña gaitiña
as nenas hei de levar-e.
e as tontiñas sonche elas
que se deixan enganar-e.

Retrouso

**Has bailar comigo Carmiña Carmela,
con zapato baixo e media de seda,
con media de seda e media calada,
ás bailar Carmiña miña namorada.**

Os zapatos piden medias
e as medias piden zapatos,
e as rapaciñas de agora
piden rapaciños guapos.

Retrouso

Has bailar comigo Carmiña Carmela....

Aí che vai meu corazón
se o queres matar ben podes,
pero como ti vas dentro,
tamén si ti o matas, morres.

**Has bailar comigo Carmiña Carmela,
con zapato baixo e media de seda,
con media de seda e media calada,
ás bailar Carmiña miña namorada.**

Catro Mancebos - Fuxan Os Ventos

Cantigas Galegas

Catro mancebos xuntiños
eiqui xuntiños estamos
e tan cansados os catro
que é preciso alimentarnos.

Abran a porta, señores,
que por honrados nos temos
sabe Díos si pra outro ano
á porta lles cantaremos!.

De moi lonxe xa viñemos
noite que andar aínda falta
as forzas piden reparo
mollo as gorxas, en non de auga.

Chourizos, pois, longaniza,
uña de porco, ou fociño
ou de xamón, dúas tortillas
con dous xarriños de viño.

Esta vai por despedida
o xe, eiqui, non canto outra
os señores desta casa
do xe nun ano me oian outra!.

Catro Vellos Mariñeiros - A Roda

De jalcabaleiro@hotmail.es / a disfrutar y enviarme musica/canciones (144)

Cantigas Galegas

Catro vellos mariñeiros, **(Bis)**
xuntos metidos nun bote.

Boga, boga mariñeiro
vamos pra Viveiro
xa se ve San Roque.
(Bis)

Retrouso

¡Aí lalalo, aí lalalelo,
aí lalalo, aí lalalá,
aí lalalo. aí lalalelo,
aí lalalo, aí lalalá,
aí lalalo, aí lalalelo,
aí lalalelo, aí lalalá!

Os mariñeiros traballan, **(Bis)**
de noite coa luz da lúa.

Da gusto velos chegar-e
pola mañás cedo
cheirando a frescura.
(Bis)

Retrouso

¡Aí lalalo, aí lalalelo....

Traio sardiña e bocarte, **(Bis)**
tamén xurelo pequeno.

Rapaciña de Viveiro
ven busca-lo lote
do teu mariñeiro.
(Bis)

Retrouso

¡Aí lalalo, aí lalalelo....
Chíngala - Abóbriga

Cantigas Galegas

Mama levame pra Habana
que ali as merluzas pescanse con cana

(Bis)

Pero aquí en Baiona todo e diferente
pesca-mos as merluzas, con aguardente,
pero aquí en Baiona todo e distinto
pescamos as merluzas con branco e tinto

Eu che ei de querer, eu che ei de querer.
E o amor divino.
Eu che ei de querer, eu che ei de querer.
Se che gusta o viño.
Eu che ei de querer, eu che ei de querer.
Con sentimento
Eu che ei de querer, eu che ei de querer.
Si me das tormento.

**Chíngala lala, chíngala lala, chíngala lala, lala, lala,
Chíngala lala, chíngala lala, chíngala lala, lala, lala,
(Bis2)**

Mama levame pra Habana
que ali as merluzas pescanse con cana.

(Bis)

Pero aquí en Baiona todo e diferente
pescamos as merluzas, con aguardente.
Pero aquí en Baiona todo e distinto
pescamos as merluzas con branco e tinto

(Continúa na páx. seguinte)

Eu estou aquí, eu estou aquí

Cantigas Galegas

tua nai mandoume,
E si queres, queres, e si non, queres,
eu voume.

(Bis)

**Chíngala lala, chíngala lala, chíngala lala, lala, lala,
Chíngala lala, chíngala lala, chíngala lala, lala, lala,
(Bis2)**

Chula Da Guia - Treixadura

De jalcabaleiro@hotmail.es / a disfrutar y enviarme musica/canciones (147)

Cantigas Galegas

Nosa señora da Guía **(Bis)**
guía os homes do mar'e. **(Bis)**

Veña ver a barca a vela **(Bis)**
que se vai deitar no mar'e. **(Bis)**

Nosa señora vai dentro **(Bis)**
e os anxiños a remar'e. **(Bis)**

Nosa señora da Guía **(Bis)**
a guía dos mariñeiros, **(Bis)**

Guíame a miña cuadrilla **(Bis)**
toda de mozos solteiros. **(Bis)**

Teño máis de mil amigos **(Bis)**
aquí non me sinto só, **(Bis)**

Cantarei ao desafío **(Bis)**
ninguén teña de min dor. **(Bis)**

Na i-alma se me cravou
a espiña do teu querer,

Anque afellas me deixaron
soio para padecer,

Neste mundo si hei vivir'e
outro amor non hei de ter.

Quen non viu cantar un vello **(Bis)**
non sabe o que é cantar'e. **(Bis)**

Non sabe o que é cantar'e... **(Bis)**

Coloradiña De Cara - A Roda

Cantigas Galegas

Coloradiña de cara
eu tamén quixera ser,
porque a mazan colorada
todos a queren comer, **(Bis)**

Aí e lelo, aí e la lo, **(Bis)**

O home que a de ser home
a de ter a man lixeira,
para coller a Rosiña
sen abalar a Roseira, **(Bis)**

Aí e lelo, aí e la lo, **(Bis)**

Cando dous queren a unha, **(Bis)**
e si están os dous presentes,
fun a subir a caraiva
e os roules sen os dentes, **(Bis)**

Aí e lelo, aí e la lo, **(Bis)**

Si queres que vai a verte, **(Bis)**
de noite por o lugar-e,
as de prender a cadela
que non fai si non ladrar-e, **(Bis)**

Aí e lelo, aí e la lo, **(Bis)**

Non me case miña nai, **(Bis)**
co o home que enviudase,
pois non quero criar pitos
que outra galiña chocase, **(Bis)**

Aí e lelo, aí e la lo, **(Bis)**

Como Baila Carmiña - José Costas

Cantigas Galegas

Retrouso

**Como baila Carmiña
como se menea
mira como baila
sola, sola baila.
(Bis)**

A doña Mari Carmen
le gusta ía la salsa,
y esta moi enfadada **(Bis)**
parece que el abóelo
ía no quiere ir bailar,
grito con todo el mundo,
y no se puede aguantar.

Retrouso (Bis 2)

Como baila Carmiña....

A doña Mari Carmen
le gusta ía la salsa
y esta moi enfadada **(Bis)**
porque nadie le invita
porque nadie le baila
y de estar sentadita,
la pobre ía no aguanta

Retrouso (Bis 2)

Como baila Carmiña....

A doña Mari Carmen
le gusta ía la salsa
y esta moi enfadada **(Bis)**
parece que el abóelo
no quiere ia bailar,
grito con todo el mundo,
y no se puede aguantar.

Retrouso (Bis 2)

Como baila Carmiña....

Compañeira - Fuxan Os Ventos

Cantigas Galegas

Nesta noite escura e bretemosa
na que vai camiñando o noso espírito.

Vese un raio de sol, vese unha rosa
que abrirá, no amencer, novos camiños.
Vese un raio de sol, vese unha rosa
que abrirá, no amencer, novos camiños.

Compañeira nos días de tristura,
compañeira nas noites de esperanza.

Paso a paso de alento de tenrura,
pedra a pedra no mundo a nosa casa.
Paso a paso de alento de tenrura,
pedra a pedra no mundo a nosa casa.

Racharemos cadeas que nos prenden,
e faremos fuxi-la treboada.

Falaremos de amor coa nosa xente,
pra vivir con nos co a mañá clara.
Falaremos de amor coa nosa xente,
pra vivir con nos co a mañá clara.

Coplas Do Casamento - Suso Vaamonde

De jalcabaleiro@hotmail.es / a disfrutar y enviarme musica/canciones (151)

Cantigas Galegas

Eu quería-me casare,
miña nai non teño roupa.
Casa, miña filla, casa,
que unha perna tapa a outra.

Para vir a xunto a min,
para vir a xunto a min,
vai lavar a cara,
vai lavar a cara,
vai lavar a cara, galopín.

Eu quería-me casare,
miña nai dime que é cedo.
Ela como está casada
non sabe as ganas que eu teño.

Eu quería-me casare,
miña nai non me deixou,
Agora vou polo mundo,
boa muller me buscou.

Todos me din que me case,
todos me din que vou ben,
todos me din que me case,
pero non me din con quen.

Eu quería-me casare,
miña nai ponme reparos,
si o meu corpo fora o dela,
non che me faría tantos.

Cantigas Galegas

Corpiño Xeitoso - Andrés Do Barro

De jalcabaleiro@hotmail.es / a disfrutar y enviarme musica/canciones (153)

Cantigas Galegas

¡Que muller mais xeitosa,,
a que eu encontrei!,
¡que doces foron as verbas que eu, lle escoitei!.

Ela ficaba na praia deitada na area
cos meus ollos abertos eu ollei para ela.

**Eu díxenlle:¡ben!
e me dixo:¿Que?.**

**Déixame verche o corpo dourado
polo sol primeiro do mes de abril
ergue as túas mans hasta que cheguen o ceo
colle as estrelas foron feitas pra ti.**

Teu corpo xeitoso indo sobre a area
o teu movemento e coma as ondas do mar
o teu doce balance como o vento che leva
teu corpo xeitoso quer botarse a voar.

Lai laralala, laralala,laralala **(Bis)**
la la la la la la la.

¡Que feitura levaba no seu camiñar
confundín o seu paso con meu palpitar.

Cando ela chamoume fun a súa beira
abondaba o seu corpo pra ve-la primavera.

**Eu díxenlle:¡ben!
E me dixo:¿Que?.**

(Continúa na páx. seguinte)

Déixame ver che o corpo dourado

Cantigas Galegas

**polo sol primeiro do mes de abril
ergue as túas mans hasta que cheguen o ceo
colle as estrelas foron feitas pra ti.**

Teu corpo xeitoso indo sobre a area
o teu movemento e coma as ondas do mar
o teu doce balance como o vento leva
teu corpo xeitoso
quer botarse a voar

lai laralala, laralala,laralala
lai laralala, laralala,laralala
la la la la la la la

Cristobo - Fuxan Os Ventos

De jalcabaleiro@hotmail.es / a disfrutar y enviarme musica/canciones (155)

Cantigas Galegas

Verán un caso chocante
nas montañas do Cebreiro,
como unha nena ven feita
que casou con un gaiteiro.

El chamábase Cristobo
e un día vendeu a gaita,
enfadóuselle a muller-e
seica lle facía falta.

Pois non te enfades muller
porque che vendín a gaita,
vendina por que era vella
e estaba toda estragada.

Pois boa cousa fíxeche,
¡seica te tentou o demo!,
xa te podes marchar da casa
que eu sen gaita non te quero.

Ó outro día o Cristobo
veu ó escurecer pra casa,
saíulle a muller á porta
por ver se traía a gaita.

E en canto lle viu a nova
botoulle a man ó punteiro.

¡Esta si que é graciosa!,
tiruliru meu gaiteiro.

E a outra nena pasoulle
outro caso parecido
que casou cun rapaz
que sempre estaba durmido.

(Continúa na páx. seguinte)

Tan pronto que se deitaba

Cantigas Galegas

xa se poñía a roncar
e ela desesperada
poñía-se a rezar.

E así pasaron tres meses
sempre da mesma maneira
o rapaz ronca que ronca
e a nena reza que reza.

Pero ó cabo diste tempo
a proviña da rapaza
pasoulle a man despaciño
e viu que non tiña nada.

¡Vaia por Díos!, dixo ela,
que me vexo en bon apuro,
nunca pensei que houbera
homes tan probes no mundo.

Así que ¡ai rapaciñas!
¡ai as que estades solteiras!
hai que rexistrar ós mozos
igual que ás vacas na feira.

Cumbia De San Benito - Suso Vaamonde

De jalcabaleiro@hotmail.es / a disfrutar y enviarme musica/canciones (157)

Cantigas Galegas

Se vas ao San Beniti
turua
se vas ao San Beniti
turua
se vas ao San Beniti, Benitiño,
non vaias ao de Pare
turua
non vaias ao de Pare
turua
non vaias ao de Pare, de Paredes,
que hai outro máis milagre
turua
que hai outro máis milagre
turua
que hai outro máis milagre, milagreiro,
o San Benito de Le
turua
o San Benito de Le
turua
o San Benito de Le
ai mi madre.

Eu non sei que ten a morena,
eu non sei que a morena ten,
eu non sei que ten a morena
ai que todos a queren ben.
ai que todos a queren ben.
Eu non sei que ten a morena,
eu non sei que a morena ten,

(Continúa na páx. seguinte)

Se vas ao San Beniti

Cantigas Galegas

turua

se vas ao San Beniti

turua

se vas ao San Beniti, Benitiño,

non vaias ao de Pare

turua

non vaias ao de Pare

turua

non vaias ao de Pare, de Paredes,

que hai outro máis milagre

turua

que hai outro máis milagre

turua

que hai outro máis milagre, milagreiro,

o San Benito de Le

turua

o San Benito de Le

turua

o San Benito de Le

ai mi madre.

Da Troula - A Roda

De jalcabaleiro@hotmail.es / a disfrutar y enviarme musica/canciones (159)

Cantigas Galegas

Maruxiña a teu refaixo
bótalle un remerendiño.
Aí, la, la lelo, ai la, la, la lo

Non llo botes amarelo
bótallo coloradiño
Aí, la, la lelo, ai la, la, la lo

Retrouso

**Xa vimos da troula da troula de troulear,
xa vimos da troula, da troula lara la lala,
da troula lara la lala , (Bis)
xa vimos da troula da troula de troulear.**

Ai a rubila e a baixala,
ai a costiña do Canedo,
ai a rubila e a baixala,
ai perdín a cinta do pelo.

Retrouso

Xa vimos da troula da troula de troulear....

Unha vez caín no río,
outra vez caín no maree,
outra caín nos teus brazos
non me puiden levantar-e, (Bis)
Aí, la, la lelo, ai la, la, la lo

**Xa vimos da troula da troula de troulear,
xa vimos da troula, da troula lara la lala,
da troula lara la lala , (Bis)
xa vimos da troula da troula de troulear.**

Desfeita Galega - A Roda

Cantigas Galegas

Que ven fixeron teus pais,
en facerche costureira,
cando chove non te mollas,
cando chove non te mollas,
cando fai sol non te queimas.

Teño unha morena,
a la en Viascon,
teño outra na Puebla,
e outra en Marcon,
e outra en Marcon, **(Bis)**
teño unha morena a la en Viascon.

Que moi malo de lavar-e,
non te cases cun ferreiro,
que moi malo de lavar-e,
cásate cun mariñeiro
que ven lavado do maree, **(Bis)**
Ai e lelo, ai e la lo.

Retrouso

**Aínda que son da mariña son mariñan(he),
o fungueiro do carro levo na man(he),
levo na man morena, levo na man(he),
aínda que son da mariña son mariñan(he).**

Co aro dunha peneira
miña nai deume unha tunda
co aro duna peneira
miña nai teña vergonza
que ven a xente da feira da feira
que ven a xente da feira da feira
Ai e lelo, ai e lalo,

Retrouso

**Aínda que son da mariña son mariñan'e,
Dinguidillan - Juan Pardo**

Cantigas Galegas

Chora meu neno, probe chora de fame,
As frangullas que sobren truxo a tua ai
Chora meu neno probe no berce choras
Durme sin agarinos de noite soñas
Xoga, xoga con nada fillo de pobre quizás, mañan, cequais,
Acougues, fillo da nada.

Non che deu a esmola o señor crego
Pois a tua nai e solteira casouna o demo
Cando chegue a mañan seguirás probe
Durme, durme en mi entraña que atora chove
Xoga, xoga, con nada fillo de probe, fillo da nada
Escoita, escoita neno as campaniñas no campaneiro

Retrouso

Dinguillan, dinguillan, dinguidilleiro
Xa repenican dinguidilleiro
Dinguillan, dinguillan, dinguidilleiro
Sin ma inxusticia e igualeza pra os homes
E o chan dista Galizia.

E non che dou e esmola o señor crego
Pois a tua nai e solteira, casauna o demo
Xa amanece ruliño, rulo ruleiro
Sente ben meu cariño risas no ceo
Escoita, escoita neno as campiniñas no campaneiro.

Retrouso

Dinguidillan, dinguidillan, dinguidilleiro
Naide as escoita, dinguidilleiro
Dinguidillan, dinguidillan, dinguidilleiro
Tocan na igrexa dinguidilleiro

Neno, alborece desperta,
Neno e que Galizia desperte xa
Do seu sono diante a se berce
Dinguillan...

Díos Cho Pague Churrasqueiro - Ana Kiro

Cantigas Galegas

Andas seguíndome os pasos
non che a de valer de moito.
Pareces o galo vello,
que esta rillando o pescozo.

Pensas que te vou seguindo
estas moi equivocada
tamén vou detrás das vacas
e non che me gustan nada.

Díos cho pague, pague, churrusqueiro,
moito cho ei de agradecer,
cando vou, cando vou, o teu muíño,
sempre me deixas moer,
sempre me, sempre me,
deixas moer,
ai lalalo, ai lalalo.

Non me compares co as vacas,
a ver si tes mais respecto,
que mais quixeras que verte,
colgadiño dos meus tetos.

Non me tires mais da lingua,
que tes moito que calar-e,
onde se colgaron outros,
tamén eu, me ei de colgar-e.

Díos cho pague, pague, churrusqueiro,
moito cho ei de agradecer,
cando vou, cando vou, o teu muíño,
sempre me deixas moer,
sempre me, sempre me,
deixas moer,
ai lalalo, ai lalalo.

(Bis 2)

E Por Culpa Do Teu - A Roda

Cantigas Galegas

Namoreime da castaña, namoreime do ourizo
namoreime de ti nena, por que te-lo pelo rizo.
Por que te-lo pelo rizo. **(Bis)**
namoreime da castaña, namoreime do ourizo

Retrouso

**E por culpa do teu
levantóusem'o meu
e se o teu tiña ghanas
moitas máis tiña o meu.
E se o teu tiña ghanas
moitas máis tiña o meu.
E por culpa do teu
levantóusem'o meu**

Anda ti pernas de cabra, pantorrillas de carneiro
se queres casar comigo, serei o teu compañeiro.
Serei o teu compañeiro. **(Bis)**
Anda ti pernas de cabra, pantorrillas de carneiro

Retrouso

E por culpa do teu...

Como te colla no prado, como te collín máis veces
heiche de meter no corpo, herba para nove meses.
Herba para nove meses. **(Bis)**
Como te colla no prado, como te collín máis veces

Retrouso

E por culpa do teu...

Ó subi-las escaleiras, vinche as ligas azuis
e un pouquiño máis arriba, sábado e domingo lume.
Sábado e domingo lume. **(Bis)**
Ó subi-las escaleiras, vinche as ligas azuis

Retrouso

**E por culpa do teu...
En Arnoia - A Roda**

Cantigas Galegas

Arnoia ten un sabor.
a pementos medrados ó sol
onde o mundo se viste de festa
en Arnoia

Arnoia ten un saboafe
ó ribeiro tiña que ser
a beleza cobre a terra
en Arnoia

Retrouso

**Se vas a Arnoia , poderás probar
viño do ribeiro, e pementos con sal
Pementos con sal, e un pouco de pan
fritos da terra, que arnoia nos dá**

O tempo estantío
na torre do reloxo
devagar baixa o río
en Arnoia

O verdor asulagou
os prados na primavera
verde pemento é a paisaxe
en Arnoia

Retrouso

Se vas a Arnoia , poderás probar dá...

As termas as capelas
as ánimas as pimenteiras
unha voz en loita co tempo
en Arnoia

Enxebre - Real Coro Toxos E Flores

Cantigas Galegas

Cantemos, cantemos, cantemos sempre enxebre.

Eu quería-me casar-e, miña nai non teño roupa, **(Bis)**
casa miña filla casa, cunha perna tapa a outra. **(Bis)**

Xa vou, xa vou, xa vou, e sempre a la,
e se non me quere a filla, a de me querer a nai.
(Bis)

Xa fun a Marín, xa pasei o mar
xa son mariñeiro, xa sei navegar
xa sei navegar, xa sei navegar,
xa fun a Marín, xa pasei o mar.

Na beira do mar,
ai moito que ver,
baila miña Maruxa si, baila na punta do pe,
na punta do pe, na palma da man
baila miña Maruxa si, baila si queres bailar.

A miña muller morreume enterreina no palleiro.

A miña muller morreume enterreina no palleiro
deixeille un brazo de fora pra que tocara o pandeiro.
(Bis)

Os vellos diste lugar **(Bis)**
cantáronche sempre enxebre**(Bis)**
os vellos diste lugar.

Viva Cruña, viva Lugo, viva Ourense e Pontevedra
viva Ourense e Pontevedra
ai la le lo, ai la la la.

Cantemos, cantemos, cantemos sempre enxebre.
Escopeta - A Roda

Cantigas Galegas

Retrouso

**Escopeta lereta
debaixo do brazo larazo
aprendendo lerendo
a cazador
(Bis)**

"A leixos, a leixos os de pajilla
os de pajilla, os de pajilla
a leixos, os de pajilla
os de pajilla van para leixos"

Non vai ben, non vai ben
a escopeta carghada no tren
non vai ben, se vai mal
a escopeta carghada de sal

Retrouso

Escopeta lereta...

Os de Pontevedra non van a Marín
porque se marean no ferrocarril.
(Bis)

No ferrocarril (Bis)
os de Pontevedra non van a Marín

Non vai ben, non vai ben
a escopeta carghada no tren
non vai ben, se vai mal
a escopeta carghada de sal

Retrouso

Escopeta lereta...

(Bis)

Estrelña Do Luceiro - A Roda

Cantigas Galegas

Estreliña do luceiro,
quen ten amores non durme, **(Bis)**
se non o soño primeiro.

Si chove deixa chover-e,
si orballa deixa orballar-e.

Que eu ven sei de un abriguiño,
onde ei de ir a brigar-e.
(Bis)

Alumea e alumea,
estrelina a artrura.

E alumea e alumea,
mentres non xe pon a lúa,
(Bis)

¡Estreliña do luceiro!.

Eu Chorar Chorei – Fasero

De jalcabaleiro@hotmail.es / a disfrutar y enviarme musica/canciones (168)

Cantigas Galegas

Retrouso

**Eu chorar chorei
o domingo á tarde,
eu chorar chorei
o domingo á tarde,**

Que veña Lourenzo,
que veña Lourenzo,
que diga verdade.

Que diga verdade
pero con cautela,
que diga verdade
pero con cautela,
Túa nai é meiga,
túa nai é meiga
teño medo dela.

Teño medo dela
e ela non me come,
teño medo de ela
e ela non me come,
túa nai é meiga,
túa nai é meiga,
teu pai é un mal home

Retrouso

**Eu chorar chorei
o domingo á tarde,
eu chorar chorei
o domingo á tarde,**

Eu De Marín Ausenteime - Ni Fú Ni Fá

Cantigas Galegas

Eu de Marín ausenteime
moi lonxe fun a vivir.

Pasei a vida chorando
e suspirando Marín por ti.
(Bis)

Eu non sei cantar
eu non sei vivir

Sen os airiños da ría
eu non sei cantar
eu non sei vivir
(Bis)

Eu de Marín ausenteime
moi lonxe fun a vivir.

Pasei a vida chorando
e suspirando Marín por ti.
(Bis)

Eu non sei cantar
eu non sei vivir

Sen os airiños da ría
eu non sei cantar
eu non sei vivir
(Bis)

Eu Non Sei - Campana De Pau

Cantigas Galegas

Retrouso

**Eu non sei, eu non sei,
eu non sei, eu non sei,
eu non sei que ten a morena,
eu non se que a morena ten,
eu non sei que ten a morena,
que a ela todos lle queremos ben.**

**Eu non sei que pasou no muíño,
eu non sei o que puido pasar,
dis de entón Mariquiña esta triste,
dis de entón non deixou de chorar.**

Non sei que ten a morena
non sei que a morena ten
non sei que ten a morena
que todos lle queren ben,
que todos lle queren ben, **(Bis)**
non sei que ten a morena
non sei que a morena ten.
(Bis)

Retrouso

Eu non sei, eu non sei

Eu non sei que pasou no muíño....

Non sei que ten a morena
non sei que a morena ten
non sei que ten a morena
que todos lle queren ben,
que todos lle queren ben, **(Bis)**
non sei que ten a morena
non sei que a morena ten.

Eu Queríame Casare

Cantigas Galegas

Eu quería me casare.
Miña nai non teño roupa.
(Bis)

Casa miña filla casa
que unha perna tapa a outra **(Bis)**
Ai la le lo, ai la la la
(Bis)

Retrouso

Para vir a xunta min, (Bis)
Vai lavar a cara (Bis)
vai lavar a cara, galopín
(Bis)

Eu quería me casare
miña nai dime que e cedo
(Bis)
Ela como esta casada
non sabe as gañas que eu teño **(Bis)**
Ai la le lo, ai la la la

Retrouso

Para vir a xunta min, (Bis)...

Miña nai deume unha tunda
co o aro de unha peneira
(Bis)
Teña vergonza miña nai
que ben a xente da feira **(Bis)**
Ai la le lo, ai la la la

Retrouso

Para vir a xunta min, (Bis)...

(Continúa na páx. seguinte)

Cantigas Galegas

O voso galo comadre
téñe-lo mal enseñado.

(Bis)

Vai cantar todas as noites
enriba do meu tellado,

(Bis)

Retrouso

Para vir a xunta min, (Bis)...

Tua mai e mais a miña,
quedan no río berrando

(Bis)

Por culpa dunha galiña
que ten amores co galo **(Bis)**

(Bis)

Retrouso

Para vir a xunta min, (Bis)...

Cantigas Galegas

Eu Son Mariñeiro - O Xestal

Dous amores no meu peito,
viven para o meu pensare
o da mociña que quero,
i o do traballo no mare, **(Bis)**
ai lalelo, ai lalala.

**Eu son mariñeiro da beira do mar
teño unha lanchiña pra ir navegar.
Pra ir navegar, (Bis)
Eu son mariñeiro da beira do mar.**

Pra ser un bon mariñeiro,
tres condicións hai que tere,
coñece-lo mar i os barcos
e non ter medo a morrere, , **(Bis)**
ai lalelo, ai lalala.

**Eu son mariñeiro da beira do mar
teño unha lanchiña pra ir navegar,
Pra ir navegar, (Bis)
Eu son mariñeiro da beira do mar.**

Ai polo aire a gaivota,
ai polo mare a gavela,
meu corazón namorado,
vai onda ti, miña nena , **(Bis)**
ai lalelo, ai lalala.

**Eu son mariñeiro da beira do mar
teño unha lanchiña pra ir navegar,
Pra ir navegar, (Bis)
Eu son mariñeiro da beira do mar.**

Cantigas Galegas

Falemos Galego - A Roda

Sabedes que está de moda,
entre vellos e "yeyesés, a canción galega nova,
que hasta cantan os Ingleses,
nos estamos satisfeitos, da nosa fala natal,
e rendímoslle homenaxe, no tempo do carnaval,
¡car-na-vall!

Retrouso

**Xerardo, Vicente, Honorato e Miguel,
cantades galego, facedes moi ben
como xa fixeron os da vella ola
falemos galego na rúa e na escola.**

Un recordo pracenteiro
cara as novas a mistades
que cantaban en galego
alá polas Baleares
non estamos moi de acordo
cós que cantan por aí,
a cantiga da beiriña, no galego de Madrid
¡ de Ma-drid !

Retrouso

Xerardo, Vicente, Honorato e Miguel....

Os Támara alá moi lonxe
cántanlle o Santiaguíño
e dinlle ós casteláns
que ten forza o galeguíño
o galego non é novo
que é mais vello ca requisa
pois xa o cantaban os cregos
cando inventaron a misa,
¡ a mi-sa !.

Retrouso

Xerardo, Vicente, Honorato e Miguel....

Cantigas Galegas

Farruco - Luada

Vouvos contar unha cousa
que vos vai fartar de rir(he)
un gaiteiro moi famoso
que había no mes de abril-e.

El chamábase Farruco
a muller era Carmela
tocaba nas foliadas
romeiras e nas festas.

Outro día Farruco
tomou de mais unha pinga
e vendeu a súa gaita
sen saber o que facía.

Entrou pola porta a dentro
borracho como un pelexo:
onde metíche-la gaita
Farruco que non cha vexo.

A miña gaita Carmela
vendina na foliada
pois estaba acabadiña
de vella, xa non tocaba.

Vaite de ai, borrachón
pelexo e trapalleiro
marchate de xunta a min(he)
que eu sen gaita non te quero.

Farruco saíu da casa
co a cabeza baixada
dicindo pobre de min(he)
pra que eu vendín a gaita.

(Continúa na páx. seguinte)

Cantigas Galegas

No outro día Farruco
mercou unha nova gaita
entrou pola porta a dentro
tocando unha ribeirana.

-E díxolle:

¿e que lle dixo?
Carmela, miña Carmela
podes estar contentiña
pois traio unha nova gaita
moito mellor ca que tiña.

Ela tola de contenta
botoulle a man o punteiro
tiruliro miña gaita
tiruliro meu gaiteiro.

Por iso rapazas novas
fiarse dos meus consellos
pasarlle revista os mozos
pra ver si teñen punteiro.

Tiruliro miña gaita
tiruliro meu gaiteiro
tiruliro miña gaita
que a gaitiña éche o primeiro.

Cantigas Galegas

Festa No Muíño - A Roda

Eu non sei, eu non sei,
eu non sei que ten a morena,
eu non se que a morena ten,
que todos lle queremos ben,
eu non sei que a morena ten.

Non sei que ten a morena
non sei que a morena ten
non sei que ten a morena
que todos lle queren ben,
que todos lle queren ben, **(Bis)**
non sei que ten a morena
non sei que a morena ten.

Fun o muíño con Paula, **(Bis)**
fun a muíño con ela,
ela durmiu nos meus brazos
eu durmín nos brazos de la. **(Bis)**
Ai la lelo, ai lala lo,
(Bis)

Heicho de dar si mo dás queridiño
heicho de dar si mo dás xa veras
heicho de dar con dúas conchiñas.

Pra que lle toque lo chas carraschas, **(Bis)**
heicho de dar si mo dás xa veras.

Heiche de da lo boi branco
e maila vaca marela
e maila filla mais nova
pra que te deites con ela, **(Bis)**
Ai la lelo, ai lala lo

(Continúa na páx. seguinte)

Cantigas Galegas

E no me, e no medio da ría
o compás, o compás do cantar-é
o ventíño que viña de lonxe
íalle a véntana a petar-e, **(Bis)**
Ai la lelo, ai lala lo,

Coitadiño do que chora,
coitadiño, coitadiño,
cando as penas son grandes
non se poden botar fora, **(Bis)**
Ai la lelo, ai lala lo.

E no me, e no medio da ría
o compás, o compás do cantar-e
o ventíño que viña de lonxe
íalle a véntana a petar-e, **(Bis)**
Ai la lelo, ai la lelo, ai lala lo.

Cantigas Galegas

Filomena - Muxicas

Fi lo me na, a, a.

Ai, ai, Filomena quen fora como tu, **(Bis)**.

levaches los azotes leváchelos no cu,

ai, ai Filomena quen fora como tu.

Ai, ai Filomena comiches los cachelos, **(Bis)**

comiches los cachelos comíchelos sen sal,

Filomena da ialma e fixéronche mal.

Pola ponte de San Xoán, vintecinco cegos van. **(Bis)**

Cada cego co a súa vara, cada vara co seu can,

cada can co seu gato, cada gato co seu gato

cada gato co súa espiga, cada espiga co seu lan.

Ai, ai Filomena quen fora como tu, **(Bis)**

levaches los azotes leváchelos no cu,

ai, ai Filomena quen fora como tu.

Ai, ai Filomena comiches los cachelos, **(Bis)**

comiches los cachelos comíchelos sen sal

Filomena da ialma e fixéronche mal.

Pola ponte de San Xoán, vintecinco cegos van. **(Bis)**.

Cada cego co a súa vara, cada vara co seu can.

Cada can co seu gato, cada gato co seu gato

Cada gato co súa espiga, cada espiga co seu lan.

Pola ponte de San Xoán, vintecinco cegos van. **(Bis)**.

Cada cego co a súa vara, cada vara co seu can.

Cada can co seu gato, cada gato co seu gato

Cada gato co súa espiga, cada espiga co seu lan.

Ai, ai Filomena quen fora como tu, **(Bis)**

Cantigas Galegas

Fisterra - Treixadura

Fisterra vai na proa
Camariñas vai no mar'e.
Santa Uxia de Ribeira,
Povoa do caramilal'e

Eu tamen choro,
eu tamen choro
cando non me alumean, meu ben
eses teus ollos,
eses teus ollos **(Bis)**
cando non me alumea meu ben
eu tamen choro.

Se queres que brille a lúa
pecha os ollos meu amor'e
que mentras os tes abertos
a lúa pensa que hai sol'e.

Eu tamen choro **(Bis)**
cando non me alumea meu ben
esos teus ollos

Para sardiñas aguiño ,
para bolos castiñeira
para rapazass bonitas
Santa Uxia de Ribeira

Eu tamen choro,
eu tamen choro
cando non me alumean, meu ben
eses teus ollos,
eses teus ollos **(Bis)**
cando non me alumea meu ben
eu tamen choro.

Cantigas Galegas

Fisterra, Letra Revirada Do Códice Calixtino - Os Revirados

Canto recaudan os cregos-os
en Santiago, meus señores-es,
cando un só electrici-ista
apaño-u un bó monton-e

Desde aquel día **(Bis)**
o crego garda a chave moi ben-e
na sacristía.

O señor electricista-a
era un home, moi pi-illo-o
porque corto-circuitaba-a
á noitiña os cepillos.

Desde aquel día **(Bis)**
o crego garda a chave moi ben-e
na sacristía.

O peor que fixo un día
foi rouba-reo Libro Santo,
porque din que estaba escri-ito
po lo Espiritu o Sa-anto.

Desde aquel día **(Bis)**
o crego garda a chave moi ben-e
na sacristía.

Sen saber como ni cando
esfumouse o Calixtino.
O crego que o coidaba
estaba tomando viños.

(Continúa na páx. seguinte)

Cantigas Galegas

Desde aquel día (**Bis**)
o crego garda a chave moi ben-e
na sacristía.

Cando vaias a Santia-ago,
ten coidado na catedra-ale,
porque hai un electricista-a
que só o pensa, meter mahe.

Desde aquel día (**Bis**)
o crego garda a chave moi ben-e
na sacristí-ia.

Cantigas Galegas

Foliada - Fuxan Os Ventos

Dinme que me hei de perder(he),
por non calarlle a ninguén(he),
e o estar calado acabouse,
¡xa tempo lle era tamén(he)!

**Arrimar arrimeime, funme arrimando,
a criada do cura cominlle o caldo,
cominlle o caldo nena, cominlle o caldo
arrimar arrimeime, funme arrimando.**

Non quero verzas con unto, nin nabizas con aceite,
nin quero muxi-la vaca, e que outros beban o leite.

**Arrimar arrimeime, funme arrimando,
a criada do cura cominlle o caldo,
cominlle o caldo nena, cominlle o caldo
arrimar arrimeime, funme arrimando.**

Un gato cun empresario caíron xuntos nun pozo,
e como os dous tiñan uñas, rabuñáronse o pescozo.

**Arrimar arrimeime, funme arrimando,
a criada do cura cominlle o caldo,
cominlle o caldo nena, cominlle o caldo
arrimar arrimeime, funme arrimando.**

A educación vai pra adiante, chega pra todos iguale.
Os nenos do campo dinlles: ¡Viva o traballo manual-e!

**Arrimar arrimeime, funme arrimando,
a criada do cura cominlle o caldo,
cominlle o caldo nena, cominlle o caldo
arrimar arrimeime, funme arrimando.**

(Continúa na páx. seguinte)

Cantigas Galegas

Os caciques ben prometen, moito prometen e ben-e.
Con palabras de caciques, a xente non se mantén-e.

**Arrimar arrimeime, funme arrimando,
a criada do cura cominlle o caldo,
cominlle o caldo nena, cominlle o caldo
arrimar arrimeime, funme arrimando.**

Deixais que entre a claridade, abride porta e balcón.
Acaba-la nosa noite, e cousa de todos nós.

**Arrimar arrimeime, funme arrimando,
a criada do cura cominlle o caldo,
cominlle o caldo nena, cominlle o caldo
arrimar arrimeime, funme arrimando.**

Pra gobernar e iste mundo, fai falla moito carballo,
e nista terra galega, hai carballeiras a esgallo.

**Arrimar arrimeime, funme arrimando,
a criada do cura cominlle o caldo,
cominlle o caldo nena, cominlle o caldo
arrimar arrimeime, funme arrimando.**

Cantigas Galegas

Foliada Da Herba De San Simón - Treixadura

Fun tocar a San Simón
fun tocar nunha lanchiña
non me deixaron pisar-e
a herba daquela illa.

Agora que ven o vran
tamén ven a primavera
tamén ven a regadía
pros gadañeiros da herba.

Ai la la ra la la
ai la ra la la la
ai la ra la ra la la
ai la la ra la la ra la la.

Mariñeiro de auga doce
e tamén d'auga salgada
lévame a San Simón
e de San Simón á Habana.

Unha noite me levaron
a San Simón cunha nena
meu corazón veu chorando
por ser a noite pequena.

O cura de San Simón
non ten camisa lavada
o señor cura de Arcade
vintecinco na colada.

Cantigas Galegas

Foliada De Barroso - A Roda

Con piñeiros arredor-e
teño unha casa no monte
con piñeiros arredor-e.

Unha fonte e un salgueiro
miña nena onde canta o reiseñor-e.

(Bis)

Retrouso

**Aquel paxariño, era bonitiño
viña da ribeira, da beira do Miño
e como lle chaman, chámanlle Pepiño
que bonito nome ten o paxariño.**

**Paxariños que alegres cantades
polas entre as follas dos loureiros
e subides polos amieiros
a buscar a raíña do sol.**

(Bis)

Non xe as tan presumida
si queres casar Rosiña
non xe as tan presumida.

Non te deixes enganar-e
miña nena si
queres ser pretendida.

(Bis)

Retrouso

Aquel paxariño, era bonitiño....

**Paxariños que alegres cantades
polas follas dos loureiros
e subides polos amieiros
a buscar a raíña do sol.**

(Bis)

Cantigas Galegas

Foliada De Canabal - A Roda

As tellas do teu tellado
botan auga sen chover
(Bis)

Como queres que eu te queira
ai lala,
como queres que eu te queira
queridiño sen te ver-e.

Retrouso

**Fun a Canabal, Canabal eu fun,
fun a Canabal por ver unha nena,
fun a Canabal, Canabal eu fun,
teño dir. e vir, (Bis)
sempre que ela queira.**

Tirei un limón a rolos
na túa porta parou.
(Bis)

Si o limón quedou préndao
ai lala,
si o limón quedou préndao
que fará quen o tirou.

Retrouso

Fun a Canabal, Canabal eu fun....

A carballeira de Vigo
heina de mandar cortar-e.
(Bis)

(Continúa na páx. seguinte)

Cantigas Galegas

Cando vou pra Redondelá
ai lala,
cando vou pra Redondelá
non me deixa velo mare.

Retrouso

Fun a Canabal, Canabal eu fun....

Solteiriña non te cases
aproveita a boa vida.
(Bis)

Que eu ben sei dunha casada
ai lala,
que eu ben sei dunha casada
que chora de arrepenida.

Fun a Canabal, Canabal eu fun,
fun a Canabal por ver unha nena,
fun a Canabal, Canabal eu fun,
teño dir. e vir, (Bis)
sempre que ela queira.

Cantigas Galegas

Foliada De Carramales - A Roda

Aldea de Carramales
aldea que todo ten-e
(Bis)

Boas mazás boas peras
e boas mozas tamen-e, **(Bis)**
Ai la le lo, ai la lala

Retrouso

**Dáme Carmela un bico pequeno
non cho-dou queridiño
téñoche medo
téñoche medo, (Bis)
si no modas Carmela
xa non te quero.**

Carmela pegou un chimpo
na carballeira de abaixo.
(Bis)

Porque lle picaba un toxo
que levaba no refaixo, **(Bis)**
Ai la lelo, ai la lala

Retrouso

Dáme Carmela un bico pequeno....

Marín ten vos mariñeiros
tamén o ten Estríbela.
(Bis)

E pra encantiño dos homes
as mozas de Pontevedra, **(Bis)**
Ai la lelo, ai la lala

Retrouso

Dáme Carmela un bico pequeno....

Cantigas Galegas

Foliada De Carril - A Roda

Nosa señora da Guía
¡ai! da guía de mariñeiros,
(Bis)

Guía da miña cuadrilla, **(Bis)**
toda de mozos solteiros, **(Bis)**
Ai la lelo, ai la lalo.

Retrouso

**Si vas a Carril o mesmo chegar,
veras Cortegada
deitada no mar, (Bis)
ollando por e la,
van os mariñeiros, (Bis)
nos botes de vela.**

Teño un amor mariñeiro
¡ai! bonito como unha rosa.
(Bis)

Teño medo que mo quite, **(Bis)**
algunha nena envidiosa, **(Bis)**
Ai la lelo, ai la lalo.

Retrouso

Si vas a Carril o mesmo chegar....

En Carril casou meu pai-e
¡ai! Carril quero casar-e
(Bis)

Moito me gustan as mozas, **(Bis)**
que son da beira do maree, **(Bis)**
Ai la lelo, ai la lalo.

Retrouso

Si vas a Carril o mesmo chegar....

Cantigas Galegas

Foliada De Marín - Coral P. Follas Novas

De Marín a Portonovo
nunha lanchiña motora
(Bis)

Fun solteiro e vin casado le re
nunca a Portonovo fora,
nunca a Portonovo fora le re
ai lalelo, ai lalala.

**Marín ten viño e patacas
e tamén ten barcos veleiros,
e as rapazas mais bonitas
e os mellores mariñeiros, (Bis)
e tamén ten barcos pequenos.**

San Xoán de Poio e Soutelo
pelexaron no convento
(Bis)
Por culpa de unha pesouta, lere,
que senta sobre cemento, **(Bis)**
ai lalelo, ai lalala.

**Marín ten viño e patacas
e tamén ten barcos veleiros,
e as rapazas mais bonitas
e os miñores mariñeiros, (Bis)
e tamén ten barcos pequenos.**

As merluzas de Marín
e os chocos de Redondela
ai veñen os avogados le re
pra feira de Pontevedra**(Bis)**
ai lalelo, ai lalala.

**Marín ten viño e patacas
e tamén ten barcos veleiros,
e as rapazas mais bonitas
e os miñores mariñeiros, (Bis)
e tamén ten barcos pequenos.**

Cantigas Galegas

Cantigas Galegas

Foliada De Nádela - Fuxan Os Ventos

Zapatos de chiculate
tenos a miña cadela
pra levar-e as ovelliñas,
ás feiriñas de Nádela, **(Bis)**,
ai la le lo, ai la le lo.

Retrouso

**Aló ven o gaitero por detrás do pinar,
hasta os pinos lle axudan á gaitiña a tocar.
á gaitiña a tocar (Bis),
aló ven o gaitero por detrás do pinar.**

Indo eu pra non sei onde,
vindo eu a non sei quén-e,
á porta de, xa me entendes,
non me puido acordar ben-e **(Bis)**,
ai la le lo, ai la le lo.

Retrouso

**Aló ven o gaitero por detrás do pinar,
hasta os pinos lle axudan á gaitiña a tocar.
á gaitiña a tocar (Bis),
aló ven o gaitero por detrás do pinar.**

Andivecheste ala bando
polos muíños moendo,
que te casabas comigo,
iso era en eu querendo **(Bis)**,
ai la le lo, ai la le lo.

Retrouso

**Aló ven o gaitero por detrás do pinar,
hasta os pinos lle axudan á gaitiña a tocar.
á gaitiña a tocar (Bis),
aló ven o gaitero por detrás do pinar.**

(Continúa na páx. seguinte)

Cantigas Galegas

A rula vaise queixando,
que lle levaron o niño,
quen che o mandou facer rula
tanto á veira do camiño **(Bis)**,
ai la le lo, ai la le lo.

Retrouso

**Aló ven o gaiteiro por detrás do pinar,
hasta os pinos lle axudan á gaitiña a tocar.
á gaitiña a tocar (Bis),
aló ven o gaiteiro por detrás do pinar.**

Algún día ben pensaches,
no teu corazón ter flores,
agora vai ós codesos,
que chos hai nos arredores **(Bis)**,
ai la le lo, ai la le lo.

Retrouso

**Aló ven o gaiteiro por detrás do pinar,
hasta os pinos lle axudan á gaitiña a tocar.
á gaitiña a tocar (Bis),
aló ven o gaiteiro por detrás do pinar.**

Cantigas Galegas

Foliada De Olas - Fuxan Os Ventos

Dáme o que che pido, nena,
que non che pido diñeiro.
Dáme a túa ovella negra,
prá xuntar-e ó meu carneiro,
prá xuntar-e ó meu carneiro,
ai la le lo, ai la la la.

E ti telo, telo, non mo queres dar,
e despois de vella podelo salar.
podelo salar, podelo salar,
e ti te lo telo, non mo queres dar.

Fuxe de, ei sapo concho, ai la la,
mañá teño, que cocer-e, traila lala,
se non, teño varredoiro, ai la la,
contigo hei de varrer-e, ai traila lala.

E chisco por diante e chisco por tras
e tócalle a cunchas chascarraschás,
chascarraschás, **(Bis)**
E chisco por diante e chíscao por tras.

Dáme o que che pido nena,
dáme que non e pecado,
unha muxica de lume, pra prende-lo meu cigarro,
pra prende-lo meu cigarro
ai la le lo, ai la la la.

E ti telo, telo, non mo queres dar,
e despois de vella podelo salar.
podelo salar, podelo salar,
e ti te lo telo, non mo queres dar.

(Continúa na páx. seguinte)

Cantigas Galegas

Pensas por, ser herdeiro, ai la la la
que te hei traer, pola mau ai traila lala.
Moitas serdas ten o porco, ai la la la
e non sale, de marra-u, ai traila la.

E chisco por diante e chíscao por tras
e tócalle a cunchas chascarraschás,
chascarraschás, **(Bis)**
chisco por diante e chíscao por tras.

Por esta carballeiriña,
moito me gusta cantar-e
anque non téña-la gracia
ela hache de resoare,
ela hache de resoare
ai la le lo, ai la la la.

Ei veñen, ei veñen, ei veñen, ei van
sardiñas fresquiñas de pola mañán,
de pola mañán. **(Bis)**
Ei veñen, ei veñen, ei veñen, ei van.

Cantigas Galegas

Foliada De Pontevedra - Cantigas Da Terra

Ten as súas rías costeiras,
ai areas de Pontevedra,
ten as súas rías costeiras,
onde todas as rapazas
son bonitas e feiticeiras. **(Bis)**
Ailalelo, ai lalala

Retrouso

Somos do Lérez
terra da gaita,
moito me gusta meniña,
moito me encanta.
Somos do Lérez,
de Pontevedra,
vente comigo meniña,
vente pra ela.

Ten a praia o varadeiro,
a espuma que o mar salpica,
ten a praia o varadeiro,
onde todas as mulleres
esperan a seus mariñeiros. **(Bis)**
Ailalelo, ai lalala

Retrouso

Somos do Lérez...

Son nos montes de Pontevedra
ai o vento que abala os pinos,
e nos montes de Pontevedra,
leva pra os que están lonxe
arumes da nosa terra. **(Bis)**
Ailalelo, ai lalala

Retrouso

Somos do Lérez...

Cantigas Galegas

Foliada De Sarela - Treixadura

Funme deitar a durmir'e
ao pe da i-auga que corre
a i-auga foime dicindo
quen ten amores non dorme.

Quen ten amores non dorme
que non os ten adormece
quen os ten lonxanos chora,
quen os ten preto padece.

Teño carta no correo
e non sei que me traerá,
se me traerá consolo
ou se me desconsolará.

Quen ten amores non dorme...

O que nunca estivo lonxe
non sabe o que é padecer'e
de lonxe as penas aumentan
para quen sabe querer'e

Quen ten amores non dorme...

Cantigas Galegas

Foliada De Tenorio - Beltaine

Retrouso

**Anda Maruxiña remenda o refaixo
que o levas rachado por riba e por baixo
por riba e por baixo, por baixo e por riba
anda Maruxiña remenda a puntilla.**

Carballeira de Tenorio,
heina de mandar cortar-e,
cando vou pra Pontevedra,
tírame a vista do mare,
tírame a vista do mare
ai lalalo ai lalalo.

Retrouso

**Anda Maruxiña remenda o refaixo
que o levas rachado por riba e por baixo
por riba e por baixo, por baixo e por riba
anda Maruxiña remenda a puntilla.**

O gaitero de Sútelo,
mai raio de d'ós lo mate,
non quere tocala gaita
sen que lle den chicutate,
sen que lle den chicutate
ai lalalo ai lalalo.

Retrouso

**Anda Maruxiña remenda o refaixo
que o levas rachado por riba e por baixo
por riba e por baixo, por baixo e por riba
anda Maruxiña remenda a puntilla.**

(Continúa na páx. seguinte)

Cantigas Galegas

Toca gaiteriño toca,
meniñas correr-e a velo,
que e moita gaita gaitiña
do gaitero de Sótelo,
do gaitero de Sótelo
ai lalalo ai lalalo.

Retrouso

**Anda Maruxiña remenda o refaixo
que o levas rachado por riba e por baixo
por riba e por baixo, por baixo e por riba
anda Maruxiña remenda a puntilla.**

Os gregos e os taberneiros,
teñen moito parecido
os cregos bautizan nenos
e os taberneiros o viño,
e os taberneiros o viño
ai lalalo ai lalalo.

Cantigas Galegas

Foliada De Viveiro - Campana De Pau

Aínda che ei de votar outra,
aínda che ei de votar unha
aínda che ei de votar outra,
aínda che ei de votar unha
que che a de queimar a roupa, (Bis)
Ai lalelo ai lalalo.

**Como se menean as troitas no río
como se menean as troitas na auga,
como se menean as troitas no río
así se menea o teu corpo salada.**

Pero sempre a min non presta,
ei mandar querer cantar
pero sempre a min non presta,
dámo ti miña ruliña
dándome un bico na testa,
dámo ti miña ruliña
dándome un bico na testa.

**Como se menean as troitas no río
como se menean as troitas na auga,
como se menean as troitas no río
así se menea o teu corpo salada.**

Ei pasar o tempo alegre,
ei de cantar ei de rir,
ei pasar o tempo alegre,
ei mandar as miñas penas
pro diaño que as alegre,
ei mandar as miñas penas
pro diaño que as alegre.

(Continúa na páx. seguinte)

Cantigas Galegas

**Como se menean as troitas no río
como se menean as troitas na auga,
como se menean as troitas no río
así se menea o teu corpo salada.**

Cantan de aquí a media noite,
todos los que cantan ven,
cantan de aquí a media noite,
eu como canto tan mal
canto mais a la das doce,
eu como canto tan mal
canto mais a la das doce.

**Como se menean as troitas no río
como se menean as troitas na auga,
como se menean as troitas no río
así se menea o teu corpo salada.
(Bis)**

Cantigas Galegas

Foliada De Xil De Cambados - Treixadura

Quixen facer un cigarro **(Bis)**
por non perder o costume
e arreparei que non tiña
tabaco, papel nin lume. **(Bis)**
Ai alelo, ai lala lara

Retrouso

**Ai que rapaciña
que bonita é
no hai outra en Cambados
que baile tan ben
Que baile tan ben (Bis)
Ai que rapaciña
que bonita é**

Baila Farruquiño baila **(Bis)**
baila que podes bailar-e
leváche-la millor moza
que había neste lugar-e. **(Bis)**
Ai alelo, ai lala lara

Retrouso

Ai que rapaciña

Moito me doe a cabeza **(Bis)**
moito me doe o pescozo,
de mirar para o portelo
a ver se ben o almorzo. **(Bis)**
Ai alelo, ai lala lara

Retrouso

**Ai que rapaciña
(Bis 2)**

Cantigas Galegas

Cantigas Galegas

Foliada Do Celta - A Roda

Díxolle o sobriño o tío, o entran en Balaidos,
díxolle o sobriño o tío,
si ganámo-lo o domingo fágoche socio de río,
fágoche socio de río, **(Bis)**
o entran en Balaidos díxolle o sobriño o tío.

**Sempre andas dicindo pra o ano que ven,
e chega outro ano e pasa tamén,
e pasa tamén, (Bis)
sempre andas dicindo pra o ano que ven.**

Dixéronlle o Presidente, os de tribuna cuberta,
dixéronlle o presidente,
pra temporada que ven-e
temos que cambiar de xente,
temos que cambiar de xente,**(Bis)**
os de tribuna cuberta dixéronlle o Presidente.

**Sempre andas dicindo pra o ano que ven,
e chega outro ano e pasa tamén,
e pasa tamén, (Bis)
sempre andas dicindo pra o ano que ven.**

Foron os de marcador-e,
os que mais se cabrearon,
foron os de marcador-e,
que pedían a cabeza do señor entrenador-e,
do señor entrenador-e,**(Bis)**
os que mais se cabrearon
foron os de marcador-e.

**Sempre andas dicindo pra o ano que ven,
e chega outro ano e pasa tamén,
e pasa tamén, (Bis)
sempre andas dicindo pra o ano que ven.**

(Continúa na páx. seguinte)

Cantigas Galegas

Son os que nunca protesta,
os de gol e xeneral-e,
son os que nunca protesta,
como están tan separados
nunca se enteran da festa,
nunca se enteran da festa, **(Bis)**
os de gol e xeneral-e son os que nunca protesta.

**Sempre andas dicindo pra o ano que ven,
e chega outro ano e pasa tamén,
e pasa tamén, (Bis)
sempre andas dicindo pra o ano que ven.**

Son os que forman o lio,
os que tiran almoadillas,
son os que forman o lio,
os que tiran almoadillas son os de grada de río,
son os de grada de río, **(Bis)**
os que tiran almoadillas son os que forman o lio.

**Sempre andas dicindo pra o ano que ven,
e chega outro ano e pasa tamén,
e pasa tamén, (Bis)
sempre andas dicindo pra o ano que ven.**

Cantigas Galegas

Foliada Do Portonovo - A Roda

Eu pasei o Portonovo
nunha lanchiña motora.

(Bis)

Fun solteiro e vin, casado meu ben
mais valera que non fora.

(Bis)

Retrouso

**Rapaciña si vas, a beiriña do mar
non te fíes do vento mareiro,
que a lanchiña que vai, pola ría a pescar,
co ventíño pode naufragar.**

(Bis)

O crego vendeu a burra
por non lle da la cebada.

(Bis)

Agora vai os enterros, meu ven
a cabalo da criada.

(Bis)

Retrouso

Rapaciña si vas, a beiriña do mar...

Si queres que brille a lúa
pecha os ollos meu amoree

(Bis)

Que mentres os tes abertos, meu ben
a lúa pensa que hai sole.

(Bis)

Retrouso

Rapaciña si vas, a beiriña do mar...

Cantigas Galegas

Foliada Mariñeira - Orfeón Mariñeiro do Berbés

Pra ser un bon mariñeiro, **(Bis)**
tres condicións hai que tere,
coñece-lo mar i os barcos
e non ter medo a morrere,
e non ter medo a morrere,
ai lalelo, ai lalala.

Retrouso

**Eu son mariñeiro da beira do mar
teño unha lanchiña para navegar,
para navegar, para navegar,
eu son mariñeiro da beira do mar.**

Arrimadiña a unha pena **(Bis)**
púxenme a considerar-e
os traballiños que pasa
o mariñeiro no mar-e. **(Bis)**
Ai lalelo ai lalalo

Retrouso

Eu son mariñeiro da beira do mar...

Fun dende Vigo a Moaña **(Bis)**
remando nunha lanchiña,
vin pasar o berberecho
detrás da berberechiña. **(Bis)**
Ai lalelo ai lalalo

Retrouso

**Eu son mariñeiro da beira do mar...
(Bis)**

Cantigas Galegas

Foliada Marmuradora - Treixadura

Marmúranme que porque canto
e se canto fago ben-e
(Bis)

Mentras que canto non choro
nin falo mal de ninguén-e.
(Bis)

Retrouso.

**Marmurai, marmurai marmuradores
marmurai, marmurai, e non de min-e
nunca fun, eu nunca fun marmurado
Senón da, xente ruín-e. (Bis)
ai lale, ai lalelo ai lalala**

Indo por aquí abaixo
camiño de Santa Marta
(Bis)

Buscando quen diga ben
que quen diga mal non falta.
(Bis)

Retrouso.

Marmurai, marmurai marmuradores...

Anque de min digan, digan
anque de min digan ben-e
(Bis)

Anque de min digan, digan
eu non digo de ninguén-e.
(Bis)

Retrouso.

**Marmurai, marmurai marmuradores...
(Bis)**

Cantigas Galegas

Fun Ó Muíño - A Roda

Moendo, moe que moe
moendo, moe que moe
unha mañán de xeadá.
Moendo moe que moe
moendo moe que moe
esa si que e muiñada.

Fun o muíño da miña comadre,
fun polo vento e vin polo aire;
estas son cousas de encantamento
ir polo aire e vir polo vento.

(Bis)

Díos cho pague, pague, churrusqueira,
téñocho que agradecer-e
cando vou, cando vou o teu muíño
sempre me deixas moer-e
sempre me, sempre me,deixas moer-e,
Díos cho pague churrusqueira.

Que che cae o cu,
que che cae o cu,
Manuela,
que che cae o cu,
que che cae o cu
na patela,
que che cae o cu
que che cae o cu,
Manoliño
que che cae o cu
que che cae o cu,
no muíño,
no muíño,
na patela
ai Manuela
ai Manoliño.

Cantigas Galegas

Fuxan Os Ventos - Fuxan Os Ventos

Lala lala, ai lara lala
lala lala, ai lara lalaila,
queremos cantar,
ai larala lala,
queremos berrar,
coa forza da fe,
que a nosa Galicia aínda está de pe.

Retrouso

**Fuxan os ventos dos agoireiros,
ai lala la la,
veñen os vellos; fora lembranzas
tépedas noites
ai lala la la
os tempos de hoxe!
Veñan os homes rexos e fortes,
cos ollos limpos traballadores,
que espallen xuntos sen refolgir,
o desenrolo do noso fogar.
Mirade pra diante sempre sen medo
nenos e nenas mozos e vellos,
Galicia enteira que ei qui representa
esta xuntanza que non ten me,
ai lara lala, laira.**

Anque choren os campos, nas orfandades,
morrán xoiros os vellos, afogando as penas;
anque non soe a gaita, nas romeiras,
fuxan mozos e mozas, á terra allea.
No fondo da i alma do noso pobo,
latexa a forza, dun mundo no o bo.
Por iso queremos cantar...

Retrouso

Fuxan os ventos dos agoireiros...

(Continúa na páx. seguinte)

Cantigas Galegas

Loitaremos nos, así loitaremos
(Bis)

RECITADO:

Co traballo, a xuntanza i a fe
coas escolas, leiros, prados i o mare
queimaremos penas mortas hasta o fin
o carón dista esperanza que xa brila nesta terra,
loitaremos. así loitaremos nos.

Con areíñas de todos,
faremos do noso lar
un anaquiño de ceo que nos empuxe a cantar.

Retrouso

**Fuxan os ventos dos agoireiros,
ai lala la la,
veñen os vellos; fora lembranzas
tépedas noites
ai lala la la
os tempos de hoxe!
Veñan os homes rexos e fortes,
cos ollos limpos traballadores,
que espallen xuntos sen refolgar,
o desenrolo do noso fogar.
Mirade pra diante sempre sen medo
nenos e nenas mozos e vellos,
Galicia enteira que ei qui representa
esta xuntanza que non ten me,
ai lara lala, la laira.**

Cantigas Galegas

Galicia - Suso Vaamonde

Galicia docemente
está ollando ó mar:
¡ten valles e montañas
e terras pra labrar!

Ten portos, mariñeiros
ciudades e labregos
¡cargados de traballos
cargados de trafegos!

Galicia é unha nai
velliña, soñadora:
¡na voz da gaita rise,
na voz da gaita chora!

Galicia é o que vemos:
a terra o mar, o vento.
¡Pro hai outra Galicia
que vai no sentimento!

Galicia somos nós:
a xente e mais a fala.
¡Si buscas a Galicia
en ti tes que atopala!

Cantigas Galegas

Galicia Dos Meus Namoros - Los Tamara

Nacín naquela Galicia
dás eiras mais feitiцеiras
corrín por aqueles campos
e aquelas praias queridas
Ai lara la lala, ai la, **(Bis)**
Ai lara la lala, ai lara lala la, ai la **(Bis)**

Non hai terra cómoa nosa,
fala cómo a nosa fala,
campos como os nosos campos,
praias como as nosas praias.

Que fermosa e res Galicia,
miña terra queridiña,
sempre cálida e xeitosa
tan churrusqueiriña, ¡sempre!

Garulan os paxariños,
entre toxos e silveiras,
e unha gaita repenica,
na frondosa carballeira.

As rías baixas son,
encaixes de ouro e mar,
espellos de ilusión,
¡para soñar!

Garulan os paxariños,
entre toxos e silveiras,
e unha gaita repenica,
na frondosa carballeira.

Ai lara la lala, ai la, **(Bis)**
Ai lara la lala, ai lara lala la, ai la **(Bis)**

Cantigas Galegas

Galicia Terra Nossa - Los Tamara

Galicia terra nosa,
que triste estou, lonxe de ti,
¡ai lala!
Ai la, lala, lala, lala, ai lala, la,
ai la, la, la, la, ¡ai la!

Galicia que bonitas,
son as túas festas
que mozas garridas e namoradeiras.
0
Queren como naide,
son agarimosas
divino tesouro, desa terra nosa.

Galicia terra querida,
terra de labregos nobres,
cada corredoira túa,
mil secretos ten de amores.

Que rías de marabilla,
que campiña tan bonita
teus encantos túa nobreza
todo o mundo a ti che embidia.

Cando estou lonxe de ti,
terra meiga, terra enxebre.

Mil recordos me acompañan, **(Bis)**
pensando que ei de volver, **(Bis)**

Para ver a miña rula,
para ver o meu querer
e despois na miña terra,
quero vivir e morrer-e,
quero morrer-e.
Ai la, ai la, ai la lara la, la.

Cantigas Galegas

Cantigas Galegas

Galicia, Terra Meiga - Ana Kiro

Ven queridiño, ven, que che quero dar
todo meu cariño.

Ven queridiño, ven, que che quero dar
todo meu amor.

Quéroche cantar, Galicia, **(Bis)**
desde este lado do mar,
as penas que levo dentro,
que por ti me fan chorar,
que por ti me fan chorar, **(Bis)**
quéroche cantar Galicia
desde este lado do mar,

**Miña terra queridiña,
non che podó “olvidar”
Galicia, terra meiga,
miña casa, meu lar.**

**Miña terra queridiña,
non che podó “olvidar”
e os teus aires do monte
e os teus aires do mar.**

Ai lalala lala ai lalala lala
Ai lalala lala ai lalala lala
Ai lalala lala ai lalala lala lalila

Ven queridiño, ven,
que che quero dar
todo meu cariño.

Ven queridiño, ven,
que che quero dar
todo meu amor.

(Continúa na páx. seguinte)

Cantigas Galegas

Cada momento que pasa,
cada momento que pasa,
Galicia quéroche mais
quixera morrer en ela
como morreron meus pais
como morreron meus pais, **(Bis)**
cada momento que pasa
Galicia quéroche máis.

**Miña terra queridiña
non che podo “olvidar”
Galicia terra meiga
miña casa, meu lar.**

**Miña terra queridiña
